1 PANORAMA ECONÓMICO

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica

1.1. Contexto económico xeral

Nun contexto de incerteza a nivel global derivado da "complexidade e vulnerabilidade do momento actual", a economía mundial mantén unha moderación no seu ritmo de crecemento. Así, o PIB mundial medra no último ano un 3,3% respecto ao ano anterior, o que supón dúas décimas menos que en 2023. Das tres economías máis importantes –China, Estados Unidos e a zona euro– tan só a zona euro presenta taxas de crecemento interanuais superiores ás do ano anterior, cun 0,9%, medio punto máis que no ano precedente; situándose a medra estimada en China no 5% e a de Estados Unidos do 2,8% (5,4% e 2,9% en 2023).

Xunto a China, entre as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento cómpre resaltar o crecemento do 6,5% do PIB na India, o que supón 2,7 puntos menos que o estimado no ano anterior, en tanto que entre as economías avanzadas, estímase que a actividade económica medra en España un 3,2%, acadando o 1,1% en Francia ou o 0,7% en Italia. Por contra, cómpre resaltar tanto a significativa ralentización do ritmo de crecemento da economía do Xapón, cunha medra interanual do 0,1%, case punto e medio inferior á rexistrada en 2023 (1,5%), así como unha nova contracción do PIB en Alemaña (-0,2%).

No devandito contexto internacional, o cadro macroeconómico de Galicia publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) reflicte unha medra interanual do PIB do 2,8%, seis décimas superior á rexistrada no ano anterior (2,2%).

Este incremento caracterízase polo seu equilibrio, cunha achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB de 1,5 puntos, fronte aos 1,3 puntos da demanda interna. Por contra, o dinamismo da economía española ven determinado fundamentalmente polo comportamento da demanda interna, cunha contribución de 2,8 puntos porcentuais fronte a tan só catro décimas no caso da demanda externa. No conxunto de España todos

os compoñentes da demanda interna presentan taxas de crecemento positivas, salientando tanto o incremento nun 3,2% do gasto en consumo final, impulsado tanto pola medra interanual do gasto das administracións públicas (4,1%) como do gasto privado (2,9%); así como do 1,9% do investimento medido en termos de formación bruta de capital fixo. No que respecta á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan unha variación interanual do 3,1%, sete décimas por riba do estimado no caso das importacións (2,4%).

En comparación co acontecido na economía galega, o maior dinamismo do PIB en España explícase tanto polo comportamento do gasto privado, que se contrae en Galicia un 0,3%, como en menor medida do investimento, que medra un 1,5%. Por contra, a economía galega presenta un maior dinamismo do gasto público, cun incremento interanual do 5,6%, punto e medio máis que en España. No concernente ao sector exterior, as exportacións galegas presentan unha mera superior á estimada en España ao contrario do que acontece coas importacións (3,6% e 0,9%, respectivamente).

Dende o lado da oferta, o ano 2024 caracterizouse por un significativo crecemento da construción e a industria ma¬nufactureira, con incrementos superiores á media española, así como pola contracción, por terceiro ano consecutivo, do sector prima¬rio (-1%), o que contrasta co acusado incremento na economía española (8,3%). A construción presenta o maior dinamismo, cunha medra interanual do 4,1%, dous puntos por riba da media española, aumentando a actividade manufactureira un 3,8%, tres décimas máis que en España. Por contra, o veb do sector servizos medra en Galicia un 3,3%, catro décimas por baixo do estimado en España.

A devandita evolución da actividade económica non se traslada na súa totalidade ao mercado de traballo, quen presenta un menor dinamismo da ocupación e da redución do desemprego. As afiliacións á Seguridade Social rexistran o maior crecemento, cunha medra do 2,6%, fronte ao 2,2% da ocupación estimada pola EPA. Asemade, o número de postos de traballo equivalente a tempo completo medra un 2,4%, cinco décimas máis que o que acontece coas horas traballadas (1,9%). Doutra banda, a redución do desemprego é do 5% no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego e do 5,7% segundo a EPA, descendendo a taxa de paro ata o 11,4%.

No que respecta á situación competitiva das CC.AA., os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas reflicten a mellora da competitividade das CC.AA., aínda que persisten diferenzas entre elas. Galicia presenta unha medra da competitividade en torno ao 6,1% respecto á primeira estimación do ano anterior, mantendo a súa posición relativa (ocupa a oitava posición). Con todo, Galicia segue entre as rexións cun nivel competitivo medio-baixo, presentando unha tendencia similar á media española.

A análise do contexto macroeconómico internacional e estatal no que se desenvolve a economía galega estrutúrase en tres grandes bloques. En primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, facendo especial fincapé na situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España; e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

A economía mundial caracterízase en 2024 pola moderación no seu ritmo de crecemento, sendo a economía da Unión Europea

Economía internacional 2020-25: evolución dos principais indicadores

	2020	2021	2022	2023	2024	2025 (1)
Produto Interior Bruto real						
Economía mundial	–2,7	6,6	3,6	3,5	3,3	2,8
Economías avanzadas	–4,0	6,0	2,9	1,7	1,8	1,4
EE.UU.	–2,2	6,1	2,5	2,9	2,8	1,8
Xapón	–4,2	2,7	0,9	1,5	0,1	0,6
Zona Euro	–6,0	6,3	3,5	0,4	0,9	0,8
Alemaña	–4,1	3,7	1,4	-0,3	-0,2	0,0
Francia	–7,6	6,8	2,6	1,1	1,1	0,6
Italia	–8,9	8,9	4,8	0,7	0,7	0,4
España	**–10,9**	**6,7**	**6,2**	**2,7**	**3,2**	**2,5**
Países emerxentes e en desenvolvemento	–1,7	7,0	4,1	4,7	4,3	3,7
China	2,3	8,6	3,1	5,4	5,0	4,0
India	–5,8	9,7	7,6	9,2	6,5	6,2
IPC *(medias anuais)*						
Economías avanzadas	0,7	3,1	7,3	4,6	2,6	2,5
EE.UU.	1,3	4,7	8,0	4,1	3,0	3,0
Xapón	0,0	–0,2	2,5	3,3	2,7	2,4
Zona Euro	0,3	2,6	8,4	5,4	2,4	2,1
Alemaña	0,4	3,2	8,7	6,0	2,5	2,1
Francia	0,5	2,1	5,9	5,7	2,3	1,3
Italia	–0,1	1,9	8,7	5,9	1,1	1,7
España	**–0,3**	**3,0**	**8,3**	**3,4**	**2,9**	**2,2**
Países emerxentes e en desenvolvemento	5,2	5,8	9,5	8,0	7,7	5,5
China	2,5	0,9	2,0	0,2	0,2	0,0
India	6,2	5,5	6,7	5,4	4,7	4,2
Taxa de desemprego						
Economías avanzadas	6,6	5,6	4,5	4,4	4,6	4,7
EE.UU.	8,1	5,4	3,6	3,6	4,0	4,2
Xapón	2,8	2,8	2,6	2,6	2,6	2,6
Zona Euro	8,0	7,8	6,7	6,6	6,4	6,4
Alemaña	3,6	3,6	3,1	3,0	3,4	3,5
Francia	8,0	7,9	7,3	7,3	7,4	7,7
Italia	9,4	9,5	8,1	7,7	6,6	6,7
España	**15,5**	**14,9**	**13,0**	**12,2**	**11,3**	**11,1**
Déficit público (% PIB)						
Economías avanzadas	–9,9	–8,0	–3,6	–4,8	–4,6	–4,2
EE.UU.	–14,4	–12,9	–4,8	–7,5	–7,0	–6,2
Xapón	–8,4	–7,7	–5,8	–4,0	–4,2	–4,6
Zona Euro	–5,7	–4,8	–3,8	–3,5	–2,9	–2,8
Alemaña	–2,6	–3,6	–2,9	–2,2	–1,9	–1,6
Francia	–7,6	–5,7	–5,6	–6,4	–6,8	–6,4
Italia	–10,2	–8,7	–8,6	–7,1	–3,9	–3,2
España	**–7,6**	**–6,0**	**–3,0**	**–2,0**	**–1,9**	**–1,6**
Países emerxentes e en desenvolvemento	–8,4	–5,0	–4,8	–5,2	–5,5	–6,1
China	–9,6	–5,9	–7,3	–6,7	–7,3	–8,6
India	–12,9	–9,4	–9,0	–7,9	–7,4	–6,9

(1) Proxección

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *Perspectivas de la Economía Mundial, abril 2025*

resiliente a pesares da incerteza derivada da "complexidade e variabilidade do momento actual". As estimacións presentadas polo Fondo Monetario Internacional no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2025 amosan un incremento interanual do PIB mundial do 3,3%, dúas décimas por baixo do rexistrado no ano anterior. Das tres grandes economías –China, Estados Unidos e o conxunto de países da zona euro–, tan só a zona euro presenta unha taxa de variación interanual superior á estimada no ano precedente, cunha medra do 0,9%, medio punto máis que en 2023. Estados Unidos e en maior medida China, rexistran un crecemento significativamente superior ao da zona euro a pesar da ralentización da súa actividade económica; en concreto, estímase que a economía norteamericana medra un 2,8%, unha décima menos que no ano precedente, e a de China un 5% (5,4% en 2023).


Xunto á devandita evolución de China e Estados Unidos, **cadro 1.1.1.**, as estimacións do FMI reflicten que entre as principais economías da zona euro, España presenta novamente a taxa de crecemento máis elevada, cun 3,2%, superando a Francia e Italia, cun 1,1% e 0,7%, respectivamente; o que contrasta coa contracción experimentada na economía alemá por segundo ano consecutivo (-0,2%). Fóra da Unión Europea destaca a significativa ralentización experimentada pola actividade económica na India, cunha medra do 6,5%, dous puntos e sete décimas menos que no ano precedente (9,2%); así como a estimada para a economía xaponesa, cunha medra interanual do 0,1% fronte ao 1,5% do ano anterior. Fronte a este comportamento, a economía do Reino Unido medra un 1,1%, sete décimas máis que no ano precedente. Se se consideran as distintas áreas económicas, o conxunto de países emerxentes e en desenvolvemento de Asia presentan as maiores taxas de crecemento, cunha medra interanual do 5,3% (0,8 puntos menos que en 2023), por diante do 4% nos países emerxentes da África subsahariana (3,6% en 2023). No conxunto das economías avanzadas a medra interanual foi do 1,8%, unha décima por baixo do estimado no ano anterior.

No concernente ás previsións para o ano 2025, no actual contexto de fortes tensións arancelarias e elevada incerteza en torno ás medidas que se vaian a adoptar, as estimacións do FMI presentan unha desaceleración xeneralizada da actividade económica, agás para o conxunto de países de Medio Oriente e Asia central. En concreto, este organismo internacional prevé que a economía mundial medre un 2,8%, o dobre do estimado para o conxunto de economías avanzadas. As economías emerxentes e en desenvolvemento experimentarán unha medra do 3,7%, entre as que destacan as de Asia, cun incremento do 4,5% ou África subsahariana, cun 3,8%.

Entre as principais economías, a ralentización estimada para a economía de China (prevese un crecemento interanual do 4% en 2025, un punto menos que no ano precedente) débese ao impacto negativo dos aranceis e á prolongada incerteza da política comercial. Estados Unidos presenta unha moderación similar (1,8% en 2025) influenciado pola incerteza das políticas, as tensións comerciais e a debilidade da demanda. Fronte a esta evolución, as perspectivas son máis estables para India (6,2%, tres décimas menos que en 2024) impulsadas polo consumo privado, especialmente nas zonas rurais; en tanto que para a zona euro as previsións para 2025 indican unha medra do 0,8%, tan só unha décima menos que no ano anterior, destacando o impulso de España fronte "á lenta dinámica doutros países".

No concernente á evolución da inflación, no ano 2024 continúa a moderación no ritmo de

Evolución dos tipos de xuro do Banco Central Europeo e Reserva Federal 2022-2024



Fonte: Banco de España e Reserva Federal dos EEUU

1.1.2.


crecemento dos prezos. Segundo as estimacións do FMI recollidas no devandito informe, o índice de prezos ao consumo nas economías avanzadas medrou un 2,6%, dous puntos menos que o rexistrado no ano anterior; porcentaxe que se sitúa no 2,4% na zona euro e no 3% en Estados Unidos (5,4% e 4,1% no ano anterior, respectivamente). En China a alza dos prezos mantense no 0,2%, fronte ao incremento do 7,7% no conxunto de países emerxentes e en desenvolvemento (8% no ano anterior). A diferenza do acontecido no ano anterior, o incremento dos prezos modérase en Xapón ao presentar unha medra interanual do 2,7%, o que supón seis décimas por baixo do estimado para 2023.

Coa moderación do incremento do nivel de prezos, tanto a Reserva Federal como o Banco Central Europeo aprobaron ao longo do ano 2024 tres novos descensos de taxas de xuro (**cadro 1.1.2.**). En concreto, en Estados Unidos a Reserva Federal baixa os tipos de xuro dende o 5,25% de xullo de 2023 ata o 4,25% de decembro de 2024; sendo esta redución de máis dun punto no Banco Central Europeo, que pasa do 4,50% en setembro de 2023 ata o 3,15% de decembro de 2024. No primeiro semestre de 2025 aprobáronse novos descensos no BCE (xaneiro, marzo, abril e xuño) acadando en xuño o 2,15%.

No que á evolución da ocupación se refire, ralentízase a creación do emprego nas principais economías. A ocupación estimada nas economías avanzadas medra un 0,9% respecto ao ano anterior segundo as estimacións do FMI (1,6% en 2023), situándose este crecemento no 0,9% en Estados Unidos e no 1,1% no conxunto dos países da zona euro (1,7% e 1,6% no ano anterior). Nesta área xeográfica cómpre salientar o incremento do 2,2% experimentado no mercado laboral español, fronte ao 1,1% experimentado en Francia ou o 0,3% en Alemaña. En Xapón a ocupación medra un 0,1% respecto ao ano anterior.

Xunto a esta evolución da ocupación, a taxa

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2020-24. Taxas de variación interanual



	2020	2021				2022				2023				2024			
Zona euro	-3,700	,200	15,200	5,100	5,500	5,500	4,100	2,900	1,900	1,500	,700	,200	,300	,600	,600	1,00	1,300
UE-27	-3,500	,200	14,700	5,200	5,700	5,500	4,100	2,800	1,700	1,300	,600	,200	,500	,700	,900	1,200	1,500
Alemaña	-2,00	-1,00	11,500	2,600	2,100	3,400	,800	1,400	,200	,200	,100	-,300	-,200	-,100	-,200	-,300	-,200
Francia	-4,00	1,600	17,100	4,600	5,200	4,700	3,900	1,400	1,200	1,400	1,900	1,600	1,700	1,700	1,00	1,100	,600
Portugal	-6,600	-5,400	16,500	5,500	7,200	12,200	7,700	5,00	3,600	3,300	3,100	2,00	2,100	1,400	1,500	2,00	2,800
España	-9,00	-2,900	19,800	5,400	6,700	6,900	7,300	6,100	4,600	3,900	2,400	2,200	2,300	2,700	3,300	3,300	3,300

Zona euro — UE-27 — Alemaña — Francia — Portugal — España

Fonte: Eurostat

1.1.3.


de desemprego no conxunto das economías avanzadas descende ata o 4,6%, dúas décimas máis que no ano precedente, acadando novamente valores significativamente máis reducidos en Xapón, onde se mantén no 2,6%. O conxunto de países da zona euro presenta unha taxa de desemprego sensiblemente superior á das economías avanzadas, cun 6,4% (6,6% no ano anterior), a diferenza do que acontece en Estados Unidos, onde a taxa de paro aumenta ata 4% (3,6% en 2023).

• Unión Europea (UE-27)

A economía europea en 2024 caracterízase por un maior dinamismo no seu ritmo de crecemento a pesar de que a principal economía da UE, Alemaña, presentan unha nova contracción do seu PIB. Estímase que o PIB do conxunto de países da UE medra un 1% respecto ao ano anterior, seis décimas por riba do estimado en 2023, situándose esta porcentaxe no 0,8% na zona euro (0,5% no ano precedente). Entre as principais economías europeas España presenta o mellor comportamento, cunha medra interanual do 3,2%, case tres veces máis que o estimado para Francia (1,2%). En Portugal e Italia a actividade económica medra un 1,9% e 0,7%, respectivamente. Fronte a este crecemento, a economía de Alemaña contráese por segundo ano consecutivo, reducíndose o PIB un 0,2% en 2024.

O **cadro 1.1.3.** reflicte o dinamismo do PIB da Unión Europea e os países da zona euro, que

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2024. (Base IV trim. 2019 = 100)



Fonte: Eurostat

1.1.4.

rematan o ano 2024 cunha medra interanual no cuarto trimestre do 1,5% e 1,3%, respectivamente, o que contrasta co mal comportamento da economía alemá ao presentar seis trimestres consecutivos da caída da súa actividade (-0,2% no último trimestre de 2024). España e Portugal rexistran novamente un maior dinamismo que a UE-27, cunha taxa de variación interanual do 3,3% e 2,8%, respectivamente; situándose esta porcentaxe no 0,6% en Francia e Italia.

En relación ao inicio da crise económica orixinada pola pandemia, a recuperación do PIB comunitario e do conxunto de países da zona euro é inferior á estimada para a economía española. En concreto, no cuarto trimestre de 2024 o PIB real na UE supera en 5,7 puntos o estimado para o mesmo período de 2019, sendo este incremento do 5,3% na zona euro, en tanto que en España, o PIB sitúase 7,3 puntos por riba do nivel precrise. Como amosa o **gráfico 1.1.4.**, no derradeiro trimestre de 2024 o PIB de Portugal supera en 8,8 puntos o nivel precrise, fronte aos 6 puntos de Italia ou os 4,7 de Francia. Por contra, os problemas que atravesa a economía alemá fan que o seu PIB real se sitúa unha décima por baixo do nivel rexistrado no derradeiro trimestre de 2019.

O devandito crecemento da actividade económica na UE-27 caracterízase por unha achega positiva tanto da demanda interna como da externa. Dunha banda, a demanda interna contribúe en 0,7 puntos ao crecemento agregado do PIB, cando no ano anterior detraía tres décimas; doutra banda, o sector exterior

aporta tres décimas no último ano fronte ás sete do ano precedente. Como amosa o **cadro 1.1.5.**, o dinamismo do gasto en consumo final, tanto público como privado, e unha menor caída do investimento, explican a achega positiva da demanda interna. O gasto en consumo das administracións públicas presenta unha medra interanual do 2,7%, 1,1 puntos máis que no ano anterior, en tanto que o gasto privado medra un 1,3% fronte ao 0,4% de 2023. Por contra, o investimento, medido pola formación bruta de capital, contráese un 2,6%, nove décimas menos que no ano precedente.

No concernente á demanda externa, tanto as exportacións como as importacións de bens e servizos presentan no último ano un maior dinamismo. Dunha banda, as exportacións presentan unha medra interanual do 1,2%, cando no ano anterior aumentaran un 0,1%; doutra, as importacións aumentan un 0,6% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa redución do 1,3% estimada en 2023.

Tal coma se mencionou anteriormente, o ano 2024 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento dos prezos na meirande parte dos países. Os datos publicados por Eurostat reflicten que o índice de prezos harmonizado (IPCH) remata o ano cunha medra interanual en decembro do 2,7% na UE-27 e do 2,4% nos países da zona euro (3,4% e 2,9% no ano precedente). Entre as principais economías, a taxa de inflación máis reducida rexístrase en Italia, cunha medra do 1,4%, fronte aos 1,8% de Francia. En decembro de 2024 o IPCH situouse en España e Alemaña no 2,8%, situándose en Portugal no 3,1%.

No concernente ao mercado de traballo, a taxa de desemprego da UE-27 descende no ano 2024 ata o 5,9%, dúas décimas menos que a estimada no ano anterior, situándose no 6,4% no conxunto dos países da zona euro (6,6% no ano 2023). Como reflicte o cadro 1.1.7., España mantense como a economía co maior nivel de desemprego, cun 11,4%, superando a Grecia, que presenta unha taxa de paro do 10,1%, o que contrasta co 3,4% rexistrado en Alemaña, o 6,5% de Italia e Portugal ou o 7,4% de Francia.

Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro xuvenil mantense na UE no 14,9% (14,6% na zona euro), situándose no último ano España como o país coa taxa máis elevada, cun 26,5%, por diante de Suecia e Romanía, co 24,3% e 23,9%, respectivamente. No extremo oposto sitúase Alemaña, cunha taxa de desemprego xuvenil do 6,5% (5,9% no ano precedente). En Italia esta taxa descende ata o 20,3%, fronte ao 21,6% de Portugal e o 18,7% de Francia.

Panorama económico de España

No devandito contexto de incerteza por mor das tensións xeopolíticas, a forte desaceleración da economía europea e da zona euro, ou unha política monetaria restritiva co obxecto de controlar a inflación, a economía española presenta en 2024 unha medra interanual do 3,2%, medio punto por riba do estimado para o exercicio 2023.
Ao igual que no ano anterior, tanto a demanda interna como externa contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB, se ben as contas económicas presentan un acusado desequilibrio. O cadro macroeconómico reflectido no **cadro 1.1.9.** amosa que a demanda interna achega 2,8 puntos fronte aos 0,4 puntos da demanda externa cando en 2023 o crecemento era máis equilibrado, cunha contribución de 1,7 puntos da demanda interna e 1 punto do sector exterior.

Todos os compoñentes da demanda interna presentan no último ano taxas de crecemento positivas. Dunha banda, o gasto en consumo

PIB na UE-27 no período 2019-2024: distribución segundo compoñentes


	2019	2020	2021	2022	2023	2024
			(%)			
Gasto en consumo final	1,7	-4,8	4,7	3,6	0,8	1,7
Gasto en consumo final do sector privado	1,5	-7,2	4,9	4,7	0,4	1,3
Gasto en consumo final das administracións públicas	2,0	1,2	4,2	1,0	1,6	2,7
Formación Bruta de Capital	5,0	-6,4	7,7	4,3	-3,5	-2,6
Achega demanda interna (1)	2,3	-5,0	5,2	3,6	-0,3	0,7
Exportacións de bens e servizos	3,4	-8,2	11,3	7,4	0,1	1,2
Importacións de bens e servizos	4,7	-7,6	9,6	8,3	-1,3	0,6
Achega demanda externa (1)	-0,5	-0,6	1,1	-0,2	0,7	0,3
PIB	1,9	-5,6	6,3	3,5	0,4	1,0

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Consulta 29/04/2025

1.1.5.

Evolución mensual do índice dos prezos ao consumo harmonizado: 2022-24



Fonte: Eurostat

1.1.6.

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE-27, 2023-25

	2023	2024	2025	2023	2024	2025	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Bélxica	1,2	1,0	0,8	2,3	4,3	2,8	5,5	5,7	6,1	-4,1	-4,5	-5,4
Alemaña	-0,3	-0,2	0,0	6,0	2,5	2,4	3,1	3,4	3,6	-2,5	-2,8	-2,7
Estonia	-3,0	-0,3	1,1	9,1	3,7	3,8	6,4	7,6	7,6	-3,1	-1,5	-1,4
Irlanda	-5,5	1,2	3,4	5,2	1,3	1,6	4,3	4,3	4,3	1,5	4,3	0,7
Grecia	2,3	2,3	2,3	4,2	3,0	2,8	11,1	10,1	9,3	-1,4	1,3	0,7
España	**2,7**	**3,2**	**2,6**	**3,4**	**2,9**	**2,3**	**12,2**	**11,4**	**10,4**	**-3,5**	**-3,2**	**-2,8**
Francia	0,9	1,2	0,6	5,7	2,3	0,9	7,3	7,4	7,9	-5,4	-5,8	-5,6
Croacia	3,3	3,9	3,2	8,4	4,0	3,4	6,1	5,0	4,6	-0,8	-2,4	-2,7
Italia	0,7	0,7	0,7	5,9	1,1	1,8	7,7	6,5	5,9	-7,2	-3,4	-3,3
Chipre	2,8	3,4	3,0	3,9	2,3	2,0	5,8	4,9	4,7	1,7	4,3	3,5
Letonia	2,9	-0,4	0,5	9,1	1,3	3,0	6,5	6,9	6,8	-2,4	-1,8	-3,1
Lituania	0,3	2,8	2,8	8,7	0,9	2,6	6,9	7,1	6,8	-0,7	-1,3	-2,3
Luxemburgo	-0,7	1,0	1,7	2,9	2,3	2,1	5,2	6,4	6,6	-0,8	1,0	-0,4
Malta	6,8	6,0	4,1	5,6	2,4	2,2	3,5	3,1	3,1	-4,7	-3,7	-3,2
Países Baixos	0,1	1,0	1,3	4,1	3,2	3,0	3,6	3,7	3,9	-0,4	-0,9	-2,1
Austria	-1,0	-1,2	-0,3	7,7	2,9	2,9	5,1	5,2	5,3	-2,6	-4,7	-4,4
Portugal	2,6	1,9	1,8	5,3	2,7	2,1	6,5	6,5	6,4	1,2	0,7	0,1
Eslovaquia	2,2	2,1	1,5	11,0	3,2	4,0	5,8	5,3	5,3	-5,2	-5,3	-4,9
Eslovenia	2,1	1,6	2,0	7,2	2,0	2,1	3,7	3,7	3,7	-2,6	-0,9	-1,3
Finlandia	-0,9	-0,1	1,0	4,3	1,0	1,7	7,2	8,4	8,6	-3,0	-4,4	-3,7
Bulgaria	1,9	2,8	2,0	8,6	2,6	3,6	4,3	4,2	4,0	-2,0	-3,0	-2,8
Rep. Checa	-0,1	1,1	1,9	12,0	2,7	2,2	2,6	2,6	2,6	-3,8	-2,2	-2,3
Dinamarca	2,5	3,7	3,6	3,4	1,3	1,6	5,1	6,2	6,2	3,3	4,5	1,5
Hungría	-0,8	0,5	0,8	17,0	3,7	4,1	4,1	4,5	4,4	-6,7	-4,9	-4,6
Polonia	0,2	2,9	3,3	10,9	3,7	3,6	2,8	2,9	2,8	-5,3	-6,6	-6,4
Rumanía	2,4	0,8	1,4	9,7	5,8	5,1	5,6	5,4	5,3	-6,6	-9,3	-8,6
Suecia	-0,1	1,0	1,1	5,9	2,0	2,2	7,7	8,4	8,7	-0,8	-1,5	-1,5
UE-27	**0,4**	**1,0**	**1,1**	**6,4**	**2,6**	**2,3**	**6,1**	**5,9**	**5,9**	**-3,5**	**-3,2**	**-3,3**

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA,PP, en porcentaxe do

Fonte: Eurostat; e Comisión Europea, *Pronóstico primavera 2025 - Anexo estatístico*


1.1.7.

final medra un 3,2%, medio punto máis que no ano precedente, impulsado tanto polo crecemento do gasto das administracións públicas (4,1%) como polo comportamento do consumo dos fogares, cun incremento do 2,8% (1,7% en 2023). Doutra banda, o investimento, medido pola formación bruta de capital, medra un 1,9%, o que contrasta coa contracción experimentada no ano precedente (-1,6%).

No concernente á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan no conxunto do ano 2024 unha medra interanual do 3,1%, sete décimas por riba do experimentado no caso das importacións. En ambos os dous casos, o dinamismo das compras e as vendas de servizos (12,8% e 8,7%, respectivamente) é significativamente superior ao experimentado tanto nas importacións de bens (0,3%) como das exportacións (0,4%).

Dende o lado da oferta, a análise do cadro macroeconómico de España amosa que todos os sectores rexistran taxas de crecemento positivas. Dunha banda, o sector primario presenta, ao igual que en 2023, as taxas de

PIB en Galicia e España 2008-24 (1)(2): evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario
(2) Os datos dos anos 2022 son provisionais. Os datos dos anos 2023 e 2024 son avance
Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España.* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.1.8.

crecemento máis acusadas, cunha medra interanual do 8,3%, case dous puntos máis que no ano precedente (6,5%). Doutra banda, o valor engadido xerado polo sector servizos aumenta un 3,7%, catro décimas máis que no ano anterior, situándose a continuación o sector industrial, que impulsado polo comportamento da industria manufactureira, medra un 2,7% (0,7% en 2023), mantendo a construción unha taxa de variación interanual do 2,1%.

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, cómpre mencionar en primeiro lugar pola súa importancia o crecemento interanual experimentado polo subsector do comercio, transporte e hostalería (seccións G-I, CNAE 2009), cunha medra interanual do 3,4%, crecemento non obstante inferior ao estimado para o ano anterior (4,4%). As ramas que presentan as taxas de variación máis elevadas son as actividades inmobiliarias (sección M), cun 5,9%; e as actividades profesionais, científicas e técnicas (sección N), cun 4,2%, porcentaxes significativamente superiores ás estimadas no ano precedente (3,3% e 1,2%, respectivamente). No ámbito industrial, o subsector manufactureiro presenta un incremento interanual do 3,5%, case punto e medio superior ao estimado no ano precedente (2,1%).

Asemade, os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, prezos industriais e custos laborais reflicten que España presenta unha mellora de competitividade respecto ao conxunto dos países da UE-27 e da zona euro en termos de CLU, o que contrasta coa perda de competitividade en termos de prezos industriais e de prezos ao consumo. Por contra, tal e como amosa o **cadro 1.1.10.**, en 2024 prodúcese unha acusada perda de competitividade en relación aos novos países industrializados de Asia en relación ao IPC, menos intensa que no caso dos prezos industriais.

PIB en España 2023-24: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2023	2024	2024 I	2024 II	2024 III	2024 IV
			(taxas de variación interanual)			
Gasto en consumo final	**2,7**	**3,2**	**3,0**	**2,8**	**3,3**	**3,7**
Gasto en consumo final dos fogares	1,7	2,8	2,2	2,6	2,9	3,6
Gasto en consumo final das ISFLSH	4,9	5,2	7,4	3,7	5,2	4,7
Gasto en consumo final das AA.PP.	5,2	4,1	5,0	3,5	4,3	3,8
Formación bruta de capital (FBC)	**-1,6**	**1,9**	**0,6**	**2,2**	**1,5**	**3,1**
Formación bruta de capital fixo	2,1	3,0	2,4	3,0	2,1	4,4
Activos fixos materiais	2,4	3,3	2,1	3,5	2,7	4,9
Construción	3,0	3,5	2,6	3,6	3,8	4,0
Bens de equipo	1,1	2,8	0,9	3,2	0,5	6,7
Recursos biolóxicos cultivados	6,2	5,8	5,2	5,2	6,3	6,3
Productos da propiedade intelectual	1,0	1,5	4,1	1,0	-0,5	1,6
Demanda interna (2)	**1,7**	**2,8**	**2,4**	**2,6**	**2,8**	**3,4**
Exportacións de bens e servizos	**2,8**	**3,1**	**1,8**	**2,8**	**4,7**	**3,1**
Exportacións de bens	-1,0	0,4	-1,1	0,0	2,1	0,9
Exportacións de servizos	12,2	8,7	8,0	8,8	10,4	7,7
Importacións de bens e servizos	**0,3**	**2,4**	**1,1**	**1,1**	**3,7**	**3,8**
Importacións de bens	-0,2	0,3	-0,7	-1,7	1,0	2,5
Importacións de servizos	3,0	12,8	9,7	15,3	17,5	9,1
Demanda externa (2)	**1,0**	**0,3**	**0,3**	**0,7**	**0,5**	**-0,1**
PIB a prezos de mercado	**2,7**	**3,2**	**2,7**	**3,3**	**3,3**	**3,3**
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	6,5	8,3	11,6	7,3	10,3	4,1
Industria	0,7	2,7	1,3	3,4	3,7	2,6
Industria manufactureira	2,1	3,5	1,9	4,8	4,0	3,5
Construción	2,1	2,1	2,6	1,8	1,6	2,5
Servizos	3,3	3,7	3,4	4,0	3,6	3,7
Impostos netos sobre os produtos	**0,5**	**-1,0**	**-2,7**	**-2,4**	**-0,2**	**1,2**

Data consulta: 26-06-2025.

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario.

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España.*

1.1.9.

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan unha recuperación tanto da remuneración por asalariado como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas, sendo este máis intenso no caso do remuneración de asalariados que no do PIB en termos correntes. Dunha banda, a RA aumentou en España un 7,7% en relación ao ano anterior (9,1% en 2023), en tanto que a taxa de variación interanual do PIB foi do 6,2%, lonxe do 9,1% do ano anterior. Deste xeito, o peso da remuneración de asalariados aumenta ata o 48,4%, seis décimas superior á do ano anterior (**cadro 1.1.11.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2024 unha medra media anual do 4,1%, máis de cinco puntos inferior á rexistrada no ano anterior (9,2%). Finalmente, os impostos netos sobre a produción e as importacións manteñen un crecemento

Indices de competitividade de España 2019-24 (1)

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
				(base 1999 =100)				
2019	107,3	111,1	99,8	105,0	109,4	96,8	86,6	103,6
2020	106,5	109,7	103,4	104,3	108,2	100,4	86,5	102,0
2021	107,1	112,5	104,3	104,7	110,7	101,0	86,9	101,2
2022	107,0	115,3	102,9	104,4	112,9	99,5	85,4	103,2
2023	104,9	113,8	102,7	101,8	111,5	98,8	92,2	112,0
2024	105,3	114,0	102,1	102,1	112,0	97,9	95,1	112,2

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.10.

Distribución funcional da renda en España 2019-2024 (1)

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
		(en millóns de euros)		
2019	1.253.710	585.833	540.378	127.499
2020	1.129.214	561.866	465.129	102.219
2021	1.235.474	604.193	504.308	126.973
2022	1.373.629	655.862	585.372	132.395
2023	1.498.324	715.607	639.168	143.549
2024	1.591.627	770.480	665.546	155.601
		(% / PIB)		
2019	100,0	46,7	43,1	10,2
2020	100,0	49,8	41,2	9,1
2021	100,0	48,9	40,8	10,3
2022	100,0	47,7	42,6	9,6
2023	100,0	47,8	42,7	9,6
2024	100,0	48,4	41,8	9,8

(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España.*

1.1.11.

do 8,4%. Tras esta evolución o peso relativo do EBE/RM redúcese ata o 41,9%, aumentando por contra o dos impostos netos, que representan 9,8% do PIB.

A devandita evolución da actividade económica non se traslada na mesma intensidade ao mercado de traballo, que presenta unha moderación no ritmo de crecemento da ocupación e unha menor redución do desemprego no conxunto do ano 2024. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento interanual da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi do 2,4%, oito décimas inferior ao do ano anterior; doutra, a poboación ocupada estimada pola EPA presenta un ritmo de crecemento do 2,2% e o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España medra un 2,6%, sendo estas porcentaxe do 3,1% e 2,7% en 2023, respectivamente. Se se considera o número de horas traballadas (contas económicas), 2024 presenta unha medra do 1,9%, o que supón unha décima menos que no ano precedente.

Doutra banda, o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servizo Público de Emprego redúcese un 5% respecto ao ano anterior, sendo esta redución do 5,7% no caso da poboación parada estimada pola EPA. A taxa de paro en España descende ata o 11,4%, a porcentaxe máis elevada de toda a UE-27, situándose esta taxa no 5,9% no conxunto da UE e no 6,4% na zona euro. Entres as principais economías, salienta Alemaña, cun 3,4%, presentando Francia e Italia unhas taxas superiores á media comunitaria (7,4% e 6,5%, respectivamente).


• Comunidades Autónomas

O obxectivo deste apartado é realizar unha visión xeral do contexto socioeconómico no que se desenvolven as distintas CC.AA. e presentar a situación relativa de Galicia respecto a todas elas. Esta análise parte da consideración das taxas de crecemento do PIB nas comunidades autónomas do norte de España que están dentro do denominado "triangulo competitivo" formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid; e a recuperación da súa economía dende o inicio da crise orixinada pola covid-19. A continuación, o estudo do posicionamento relativo das CC.AA. realízase tendo en conta variables como o PIB per cápita e os grandes agregados de emprego, para analizar posteriormente a competitividade rexional. Neste último caso, preséntanse inicialmente os indicadores sintéticos recollidos no "Informe de la Competitividad Regional en España 2024" elaborado polo Colexio Xeral de Economistas. Por último, considéranse as principais variables das consideradas pancas dinámicas da competitividade correspondentes ao capital humano e coñecemento.

O maior dinamismo da economía española en relación á Unión Europea e á zona euro reflíctese tamén na evolución das Comunidades Autónomas consideradas. Dunha banda, a taxa de variación interanual do PIB en España sitúase no 3,2% e o galego no 2,8%. Doutra banda, comparado coa evolución das CC.AA. do norte peninsular consideradas, cómpre indicar que tres Comunidades presentan taxas de crecemento interanuais superiores á media española: Cataluña, cunha medra interanual do 3,7%; Aragón, cun 3,4%; e A Rioxa, cun 3,3%. Por contra, estas porcentaxes sitúanse no 2,7% en Navarra e no 2,2% no País Vasco.

O maior dinamismo da economía galega nos últimos anos reflíctese nunha maior recuperación dende o inicio da crise orixinada pola pandemia en comparación co acontecido no conxunto da Unión Europea e dos países da zona euro, así como dos seus principais socios

Recuperación da actividade económica dende o inicio da crise ecónomica orixinada polo coronavirus.



Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat, IGE, Idescat, Eustat, Nastat e Riojastat

1.1.12.

comerciais. No derradeiro trimestre de 2024 supera en 10,1 puntos o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, situándose este diferencial en 5,7 puntos na UE e en 5,3 puntos na zona euro; diferencial que se sitúa nun 8,8% no caso da economía portuguesa, o 6% en Italia ou no 4,7% en Francia, o que contrasta cun nivel inferior de actividade económica no caso de Alemaña (unha décima). Doutra banda, a recuperación da actividade económica de Galicia é superior á estimada non só no conxunto de España (7,6 puntos) senón tamén á de CC.AA. como Cataluña, que supera os nove puntos; Aragón, con case sete puntos e medio; ou País Vasco e Navarra, cun nivel superior aos seis puntos porcentuais. (**gráfico 1.1.12.**).

Os datos recollidos na Contabilidade Rexional de España, publicada polo INE en decembro de 2024 con datos para o período 2000-2023 (**cadro 1.1.13.**) reflicten que o PIB per cápita no ano 2023 en Galicia ascendeu a 28.644 euros, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto das CC.AA., ascendendo este a 30.968 euros no conxunto do Estado e aos 38.130 euros da UE-27. Nese último ano dúas CC.AA. presentaban un PIB por habitante superior á media europea (Madrid e País Vasco) e outras cinco un nivel superior á media espa-

PIB e PIB per capita 2022-2023

	PIB real		PIB per capita					
	Taxa crecemento anual		Importe		España = 100		Variación anual	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
	(%)		(euros)		(%)		(%)	
Andalucía	10,4	8,9	21.495	23.218	74,8	75,0	9,7	8,0
Aragón	12,0	7,4	32.562	34.658	113,3	111,9	11,7	6,4
Asturias	12,1	7,0	26.361	28.130	91,7	90,8	12,4	6,7
Baleares	21,8	13,2	30.997	34.381	107,8	111,0	20,1	10,9
Canarias	17,3	11,6	22.096	24.345	76,9	78,6	16,2	10,2
Cantabria	9,4	8,0	26.505	28.461	92,2	91,9	9,1	7,4
Castela e León	9,5	8,8	27.382	29.698	95,2	95,9	9,4	8,5
Castela-A Mancha	12,6	8,6	24.005	25.758	83,5	83,2	11,6	7,3
Cataluña	10,2	9,0	33.041	35.325	114,9	114,1	8,8	6,9
C. Valenciana	9,6	9,3	24.736	26.453	86,0	85,4	7,8	6,9
Estremadura	7,4	7,5	21.932	23.604	76,3	76,2	7,7	7,6
Galicia	**10,8**	**8,4**	**26.483**	**28.644**	**92,1**	**92,5**	**10,7**	**8,2**
Madrid	11,6	9,5	39.207	42.198	136,4	136,3	9,8	7,6
Murcia	11,6	7,7	24.334	25.887	84,6	83,6	10,2	6,4
Navarra	11,5	7,9	34.749	37.088	120,9	119,8	10,4	6,7
País Vasco	11,0	9,2	36.421	39.547	126,7	127,7	10,7	8,6
A Rioxa	11,2	9,3	30.260	32.828	105,3	106,0	10,6	8,5
Ceuta	7,9	7,1	21.303	22.751	74,1	73,5	8,4	6,8
Melilla	7,8	5,8	19.501	20.479	67,8	66,1	9,0	5,0
Total	**11,2**	**9,1**	**28.748**	**30.968**	**100,0**	**100,0**	**10,2**	**7,7**

Fonte: *INE, Contabilidad Regional de España*

1.1.13.

Emprego nas CC.AA. 2023-24

	2024				2023			
	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa paro xuvenil	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa paro xuvenil
	(%)				(%)			
Andalucía	56,8	47,5	16,5	36,9	57,3	46,8	18,2	39,8
Aragón	58,8	54,0	8,1	23,4	58,6	53,6	8,6	22,2
Asturias	51,4	46,2	10,1	32,9	50,1	44,0	12,1	29,2
Baleares	64,0	58,0	9,3	23,5	63,6	57,1	10,3	20,3
Canarias	59,6	51,4	13,8	28,5	59,8	50,2	16,1	32,8
Cantabria	55,9	51,5	7,8	21,7	54,8	50,4	8,1	19,9
Castela e León	54,3	49,2	9,4	27,7	54,0	48,8	9,7	28,0
Castela-A Mancha	58,2	50,4	13,3	29,0	58,6	50,8	13,2	29,7
Cataluña	61,6	56,1	8,9	22,1	61,5	55,8	9,3	22,4
C. Valenciana	58,9	51,5	12,6	25,6	59,2	51,6	12,8	28,3
Estremadura	54,7	46,3	15,5	35,4	55,7	46,0	17,4	37,2
Galicia	**53,2**	**48,2**	**9,4**	**25,7**	**53,0**	**47,8**	**9,7**	**24,6**
Madrid	63,2	57,5	9,0	20,4	63,3	57,0	10,0	27,4
Murcia	59,7	52,1	12,7	27,2	59,6	52,0	12,8	28,6
Navarra	59,3	54,7	7,6	22,9	58,8	52,9	9,9	25,8
País Vasco	56,1	51,5	8,1	23,2	56,9	52,5	7,7	23,8
A Rioxa	58,5	52,8	9,7	31,7	59,0	53,4	9,4	27,6
Ceuta	60,5	43,9	27,5	66,6	61,9	43,4	30,0	59,8
Melilla	58,9	42,2	28,3	62,6	55,6	40,8	26,6	47,3
Total	**58,8**	**52,1**	**11,3**	**26,5**	**58,9**	**51,7**	**12,2**	**28,7**

Fonte: *INE,EPA*

1.1.14.

ñola (Navarra, Cataluña, Aragón, Baleares e A Rioxa). Comparado coa evolución dende o ano 2019, o PIB por habitante medra un 19,8% en Galicia, resultado dun incremento do PIB do 19,9% e do 0,1% da poboación, o que a sitúa como a terceira Comunidade autónoma co crecemento máis acusado tras Asturias e Castela–A Mancha (21,1%). No conxunto de España este indicador medra un 16,3% tras incrementarse o PIB un 19,5% e a poboación un 2,7%.

En termos de emprego, os datos por CC.AA. proporcionados pola EPA permiten facer unha análise máis actualizada con datos estimados para o ano 2024. Unha primeira aproximación ao mercado de traballo pode facerse a partir dos valores dos grandes agregados recollidos no **cadro 1.1.14.**: taxas de actividade, ocupación e desemprego.

Dunha banda, a taxa de actividade sitúase en España no 58,8% fronte ao 53,2% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 52,1% e 11,3%, respectivamente (48,2% e 9,4% en Galicia). Comparativamente co resto das CC.AA., Galicia mantense como a segunda Comunidade coa taxa de actividade máis reducida, tan só por detrás de Asturias (51,4%); e sitúase como a cuarta C.A. cunha menor taxa de ocupación, só por detrás de Andalucía (47,5%), Estremadura (46,3%) e Asturias (46,2%). Doutra banda, no que á taxa de desemprego se refire, Galicia ocupa unha posición intermedia, aínda que o nivel de paro atópase lonxe das rexistradas en Navarra (7,6%), Cantabria (7,8%) ou no País Vasco e Aragón (8,1%). A diferenza do que acontece no ano anterior, a taxa de paro xuvenil aumenta en Galicia ata o 25,7% (24,6% no ano anterior), estimándose por contra un descenso no conxunto do Estado, acadando un valor de 26,5% (28,7% en 2023).

No concernente á análise da situación competitiva das Comunidades Autónomas, este pode realizarse a partir dos valores do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) que anualmente elabora o Consello Xeral de Economistas. No seu "Informe de la Competitividad Regional en España 2024", con datos correspondentes ao ano 2023, recolle unha mellora da competitividade nas CC.AA. aumentando o valor do ICREG en torno ao 6,1% en relación á primeira estimación do ano anterior, situándose o seu valor en 9,23.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do devandito Índice anual de Competitividade, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora.

Tal como se observa no **cadro 1.1.15.**, a Comunidade de Madrid, xunto con Navarra e o País Vasco conforman o grupo competitivo relativo alto, manténdose sólido o denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Non obstante, o devandito informe reflicte que Madrid reforza o seu vértice sur, debilitándose o vértice noroeste. O grupo de nivel Medio-Alto queda constituído tan só por Cataluña, en tanto que Aragón, A Rioxa, Castela e León, Cantabria e Galicia se engloban no nivel competitivo relativo Medio-Baixo. Galicia mantén a súa posición relativa ocupando o oitavo posto en relación ao resto das CC.AA.

A pesar de que Galicia presenta no ano 2023 un nivel de competitividade relativo medio baixo, o entorno institucional (eixo 4) segue a rexistrar un nivel alto en contraposición novamente co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6).

Ranking das CC.AA. segundo o Índice de Competitividade Rexional 2019-2023

	2019	2020	2021	2022	2023
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco
3	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	A Rioxa	A Rioxa	Aragón	A Rioxa	Aragón
6	Aragón	Aragón	A Rioxa	Aragón	A Rioxa
7	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Castela e León
8	Galicia	Cantabria	Cantabria	Galicia	Galicia
9	Cantabria	Galicia	Galicia	Cantabria	Cantabria
10	C. Valenciana	Asturias	Asturias	Asturias	Asturias
11	Asturias	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana
12	Murcia	Murcia	Murcia	Murcia	Murcia
13	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha
14	Baleares	Baleares	Baleares	Baleares	Canarias
15	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias	Baleares
16	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España 2024*

1.1.15.

No que á intensidade do dinamismo competitivo da economía galega se refire, Galicia está encadrada entre as CC.AA. cun crecemento en torno á media estatal, xunto con Madrid, Cataluña, Aragón, Cantabria, a C. Valenciana e Murcia. Asemade, outras catro Comunidades presentan un crecemento superior á media: Asturias, Canarias, Baleares e Andalucía.

O **cadro 1.1.16.** amosa o comportamento dos eixos en Galicia: dunha banda, dos sete eixos considerados no informe, os de innovación e infraestruturas básicas (eixos 7 e 5) presentan unha tendencia superior á media das CC.AA.; mentres que os que se refiren ao entorno económico (eixo 1), capital humano (eixo 3) e eficacia empresarial (eixo 6) presentan un dinamismo relativo inferior á media estatal. No último ano, mantense na media os eixos correspondentes ao mercado de traballo (eixo 2) e entorno institucional (eixo 5).

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á variación do PIB en volume (eixo 1); taxa de paro de longa duración, taxa de paro xuvenil e taxa de temporalidade (eixo 2); abandono escolar temperá (eixo 3); delitos e desigualdade S80/S20 (eixo 4); accesos instalados e tráfico aéreo (eixo 5); dinamismo empresarial (eixo 6); investigadores e gasto en I+D (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden ao coeficiente de apertura externa (eixo 1); poboación con educación superior (eixo 3); poboación con problemas de contaminación (eixo 5); mulleres empregadoras (eixo 6) e patentes (eixo 7).

Xunto aos devanditos índices sintéticos, cómpre facer referencia ás pancas dinámicas de competitividade, entendidas como aquelas que inciden no nivel de competitividade para o benestar, e que son elementos sobre os que hai máis marxe de manobra de actuación e

Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2023

	Posición	Nivel competitivo	Tendencia
Eixo 1.- Entorno económico	9	Medio-Baixo	Inferior á media
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	Medio-Alto	Na media
Eixo 3.- Capital humano	7	Medio-Alto	Inferior á media
Eixo 4.- Entorno institucional	6	Alto	Na media
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	Baixo	Superior á media
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	16	Baixo	Inferior á media
Eixo 7.- Innovación	6	Medio-Baixo	Superior á media
Galicia	**8**	**Medio-Baixo**	**Na media**

Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España 2024*

1.1.16.

Indicadores de competitvidade: pancas dinámicas, capital humano

	Médicos	Formación		Mercado de traballo			
		Pob. 25-34 con educación secundaria ou terciaria		Taxa Ocupación 15-64 anos	Taxa ocup. Feminino 15-64 anos	Taxa ocup. 55-64 anos	Taxa paro xuvenil
	2021 *(médicos / 100.000 hab)*	2024 *(% poboación 25-34 anos)*	2023 *(% mulleres 25-34 anos)*	2024 *(% poboación 15-64 anos)*	2024 *(% poboación feminina 15-64 anos)*	2024 *(% poboación 55-64 anos)*	2024 *(%)*
Andalucía	368,0	69,7	53,2	59,1	52,8	52,3	36,9
Aragón	576,3	73,3	51,1	70,4	65,5	64,8	23,4
Asturias	418,1	82,0	51,7	65,0	62,2	56,6	32,9
Baleares	490,0	68,4	53,1	65,3	65,6	58,7	23,5
Canarias	447,0	76,6	53,0	62,8	58,9	55,7	28,5
Cantabria	595,3	86,6	50,2	68,1	63,1	62,3	21,7
Castela e León	438,6	76,3	50,5	68,1	63,4	64,9	27,7
Castela-A Mancha	277,0	69,6	52,4	63,5	55,4	57,9	29,0
Cataluña	468,7	77,7	51,2	70,3	66,3	66,9	22,1
C. Valenciana	450,7	71,7	53,8	65,0	60,3	60,3	25,6
Estremadura	370,4	65,8	55,1	59,2	52,0	50,6	39,4
Galicia	**463,7**	**80,4**	**51,8**	**66,3**	**63,5**	**59,0**	**25,7**
Madrid	569,6	80,5	53,0	71,1	68,2	67,4	20,4
Murcia	423,1	63,9	52,2	63,1	57,4	60,1	27,2
Navarra	640,7	80,3	48,5	69,8	66,1	69,2	22,9
País Vasco	560,4	87,7	50,5	68,8	66,9	65,6	23,2
A Rioxa	327,0	76,1	54,0	68,6	64,0	68,2	31,7
Ceuta	871,7	65,1	57,9	49,5	40,0	59,9	66,5
Melilla		68,5	50,5	49,0	45,1	51,6	62,6
Total	**458,0**	**75,3**	**52,3**	**66,1**	**61,6**	**61,1**	**26,5**

(consulta 11-06-2025)

Fonte: *Elaboración propia a partir de INE, EPA;* Orkestra, Instituto vasco de competitividad*, Panel de indicadores de competitividad*

1.1.17.

Indicadores de competitvidade: pancas dinámicas, coñecemento

	Gasto I+D		Emprego		Patentes (promedio trienal)		
	Esforzo investidor	Sector empresarial	Manufacturas media e alta tecnoloxía	Servizos intensivos en coñecemento	Nº patentes	Patentes por investigador S. Empresarial	Patentes colaboración estranxeira
	2023	2022	2024	2024	2021	2021	2021
	(% PIB)	*(% gasto total)*	*(%)*		*(patentes PCT / millón hab)*	*(patentes / mil investigadores empresa -EDP)*	*(% total patentes)*
Andalucía	1,1	35,8	1,9	37,9	17,0	40,5	14,2
Aragón	1,1	58,7	7,9	35,0	49,9	45,6	7,6
Asturias	0,9	48,5	2,2	36,5	31,8	35,1	22,5
Baleares	0,5	37,8	0,7	33,6	9,1	37,0	8,5
Canarias	0,6	25,9	0,4	32,4	7,3	39,8	11,0
Cantabria	1,0	40,3	3,6	37,7	34,9	61,1	9,6
Castela e León	1,5	59,9	4,1	37,6	17,9	19,1	7,7
Castela-A Mancha	0,9	59,1	3,6	35,1	7,8	23,6	10,8
Cataluña	1,9	62,6	6,5	38,2	75,7	45,2	12,0
C. Valenciana	1,3	45,0	4,0	34,2	39,8	43,2	6,4
Estremadura	0,8	29,0	0,9	41,2	4,6	17,2	4,5
Galicia	**1,2**	**51,1**	**4,0**	**35,3**	**14,8**	**13,8**	**6,9**
Madrid	2,1	58,5	3,5	45,7	50,8	23,5	16,9
Murcia	1,2	49,6	1,7	31,9	22,1	33,4	4,5
Navarra	2,0	66,0	11,0	34,9	67,6	37,3	9,9
País Vasco	2,2	77,2	8,6	43,3	51,3	12,5	9,7
A Rioxa	0,8	45,8	4,7	33,3	14,0	24,1	9,8
Ceuta	0,2	-	-	59,0	-	-	-
Melilla	0,4	-	-	56,3	-	-	-
Total	**1,5**	**52,5**	**4,0**	**38,1**	**36,4**	**30,4**	**11,8**

(consulta 11-06-2025)

Fonte: *Elaboración propia a partir de INE, EPA;* Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.18.

cuxa combinación afecta aos resultados económicos empresariais do territorio e ao benestar presente e futuro das persoas. Os **cadros 1.1.17.** e **1.1.18.** reflicten as principais variables relativas ao capital humano e ao coñecemento.

Dunha banda, Galicia presenta valores superiores á media estatal no caso do número de médicos por cada dez mil habitantes (8ª Comunidade Autónoma con maior número), poboación de 25-34 anos con educación secundaria ou terciaria (5ª C.A.) e taxas de ocupación feminina e de ocupación total, entendidas como a porcentaxe de poboación feminina e total con idades entre 15 e 64 anos (8ª e 9 C.A., respectivamente). Asemade, cómpre mencionar que a taxa de desemprego xuvenil en Galicia é inferior á rexistrada no conxunto de España, situándose como a novena Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada.

Por contra, Galicia non presenta unha boa posición relativa respecto ao conxunto do Estado no que ás variables das pancas dinámicas se refire -gasto I+D, emprego e, especialmente, patentes. Dunha banda, tanto o esforzo investidor como o peso relativo do gasto empresarial en actividades de I+D presentan un nivel inferior á media española, situándose en 2023 como a sétima e oitava C.A. cos valores máis elevados. Doutra, os indicadores de patentes sitúanse significativamente por baixo da media estatal, ocupando o décimo sexto posto no caso das patentes por investigador

no sector privado, o décimo cuarto no que ás patentes con colaboración estranxeira se refire, e o décimo segundo posto no ranking de CC.AA. en termos de patentes por cada millón de habitantes.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A análise da Eurorrexión parte da análise dos datos recollidos no panel de competitividade elaborado por Orkestra, Instituto Vasco da Competitividade, observando os datos correspondentes a Galicia e ao Norte de Portugal, así como a súa posición relativa no conxunto das rexións europeas analizadas.

O devandito panel de indicadores publicado polo Instituto Vasco de Competitividade, agrupa as distintas variables en catro grandes dimensións:

- Resultados de benestar, dado que a competitividade dun territorio se reflicte nos resultados de benestar que é capaz de xerar;
- Resultados económico-empresariais;
- Pancas dinámicas;
- Contexto estrutural.

Comezando por esta última dimensión, que inclúe as características propias do territorio e que permanecen relativamente estables no tempo, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.862 quilómetros cadrados e conta en 2023 cunha poboación de 6.379.694 habitantes, 39.976 persoas máis que no ano anterior (0,6%), o que implica unha densidade media de 125,4 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,4%.

En termos relativos, a taxa de natalidade en Galicia descende ata os 5,2 nacementos por cada mil habitantes en 2023 e ata os 7,2 nacementos na rexión norte de Portugal, indicador que se sitúa lonxe da media europea (8,2 nacementos por cada mil habitantes), e a taxa de envellecementos aumenta ata os 26,3 maiores de 65 anos por cada cen habitantes en Galicia e 23,4% no norte de Portugal (11,3% na UE-27). Estes indicadores reflicten os problemas en termos de demografía na Eurorrexión, especialmente en Galicia, que se sitúa como a cuarta rexión europea coa taxa de natalidade máis reducida das 195 analizadas (posto 192) e a décimo novena coa taxa de envellecemento máis elevada (postos 133 e 62, respectivamente, no norte de Portugal).

No que á dimensión do desempeño económico e empresarial se refire, que reflicte os resultados da actividade empresarial e do conxunto do sistema económico dun territorio, o PIB por habitante da Eurorrexión en 2023 representa o 74,4% dos 27 países da UE, porcentaxe case dous puntos e medio superior á rexistrada no ano anterior (72%). Como se desprende do **cadro 1.1.19.a.**, existe unha importante diferenza entre Galicia e a rexión Norte de Portugal, acadando este indicador os 83,6 puntos en Galicia (UE-27=100) fronte aos 68,4 puntos no norte de Portugal, valores que sitúan á Comunidade Autónoma no posto 100 das 195 rexións consideradas, fronte ao 144 no caso da rexión portuguesa.

Galicia presenta unha produtividade por hora traballada superior á do Norte de Portugal, se ben esta se sitúa lonxe da media comunitaria. Dunha banda, a produtividade por hora ascende en Galicia ata os 37,6 euros, o que supón un 10,5% inferior á media europea (42 euros), fronte aos 19,7 euros no caso da rexión norte de Portugal. Doutra banda, este diferencial é máis reducido se se considera a produtividade no sector manufactureiro, que ascende en Galicia a 45,4 euros, un 5,2% inferior á da Unión Europea (47,9 euros) cando no

Indicadores de competitividade: Contexto estrutural e resultados económico-empresariais

Contexto estrutural

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Densidade de poboación	*Habitantes/km2*	2023	92,0	114 / 195	173,5	65 / 195	109,3
Taxa de natalidade	*nacementos/1.000 habitantes*	2023	5,2	192 / 195	7,2	133 / 195	8,2
Taxa de ennvellecemento	*% maiores 65 sobre pob. total*	2023	26,3	19 / 200	23,4	62 / 200	11,3
Poboación	*millóns de habitantes*	2023	2,7	48 / 200	3,6	35 / 200	448,8

Resultados económico-empresariais (1)

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
PIB per capita	*PPA - euros*	2023	31.900	100 / 195	26.100	144 / 195	38.142
Produtividade hora traballada (1)	*euros / hora*	2023	37,6	107 / 195	19,7	142 / 195	42,0
Produtividade hora traballada. Sector manufactureira (1)	*euros / hora*	2023	45,4	90 / 192	18,6	153 / 192	47,9
Custo laboral unitario (1)	*% por persoa ocupada*	2023	58,4	88 / 195	66,6	169 / 195	60,8
Custo laboral unitario. Manufacturas (1)	*% por persoa ocupada*	2023	50,3	57 / 195	62,3	142 / 195	55,3

(consulta 11-06-2025)

(1) Norte de Portugal: datos a 2022

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.19.A

norte de Portugal se sitúa en 18,6 euros por hora traballada.

No concernente aos indicadores de rendibilidade empresarial, o CLU, entendido como a relación entre a remuneración por persoa ocupada e a produtividade, sitúase en Galicia por baixo do rexistrado non só na rexión norte de Portugal senón tamén na UE-27. Así, o CLU aumenta no ano 2023 ata o 58,4% por persoa ocupada, porcentaxe que se sitúa no 66,6% na rexión norte de Portugal e no 60,8% de media no conxunto da Unión Europea. No caso do sector manufactureiro, o custo laboral situase en Galicia no 50,3%, cinco puntos inferior á media comunitaria (55,3%), ascendendo no norte de Portugal a 62,3%.

O **cadro 1.1.19.b.** recolle ás pancas dinámicas que inciden no nivel de competitividade para o benestar, distinguindo entre capital natural, capital físico, coñecemento, capital humano e por último, capital social e institucional. Inclúe aqueles elementos sobre os que hai maior marxe de actuación e cuxa combinación afecta tanto aos devanditos resultados económico-empresariais e ao benestar da cidadanía.

Con carácter xeral, as dúas rexións non presentan unha boa posición relativa en relación ao conxunto das rexións europeas consideradas. Entre os aspectos positivos cómpre salientar en primeiro lugar, a porcentaxe de mulleres de 25 a 34 anos con educación secundaria e terciaria, que en Galicia ascende a 51,8% e no norte de Portugal a 52,3% (50,1% na UE), o que as sitúa entre as rexións europeas cos valores máis elevados (posto 31 e 27, respectivamente). Xunto a este indicador sobresae o feito de que tanto Galicia como en maior medida o norte de Portugal presentan unha relación do número de médicos por cada cen mil habitantes superior á do conxunto das rexións analizadas. En concreto, Galicia conta con 463,7 médicos por cada cen mil

Indicadores de competitividade: pancas dinámicas

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Capital natural							
Patentes PCT verdes *(promedio trienal)*	*% total patentes*	2021	4,6	63 / 194	2,0	134 / 194	4,1
Capital físico							
Formación bruta de capital	*% sobre PIB*	2022	17,4	164 / 195	22,3	90 / 195	22,3
Coñecemento							
Gasto total I+D	*% PIB*	2023	1,2	113 / 196	2,0	55/ 196	2,2
Gasto en I+D empresarial	*% gasto I+D total*	2022	51,1	109 / 171	64,3	73/171	66,6
Emprego manufacturas tecnoloxía alta e medio-alta	*% emprego total*	2024	4,0	109 / 175	4,5	102 / 175	6,0
Emprego en servizos intensivos en coñecemento	*% emprego total*	2024	35,3	125 / 194	35,1	128 / 194	41,5
Publicacións (WoS)	*poublicacións por millóns de habitantes*	2023	2.764,3	76 / 169	6.561,3	16 / 169	2.295,2
Patentes PCT por millón habitantes *(promedio trienal)*	*patentes / M. hab.*	2021	14,8	116 / 190	24,9	100 / 190	100,1
Patentes PCT por investigador I+D del sector empresarial *(promedio trienal)*	*patentes / 1.000 investigadores empresa*	2021	13,8	112 / 195	10,3	129 / 195	42,3
Patentes PCT con colaboración estranxeira *(promedio trienal)*	*% patentes*	2021	6,9	146 / 175	10,9	98 / 175	11,0
Persoas que realizaron compras online no último ano	*% persoas 16-74 anos*	2023	67,1	106 / 200	50,3	170 / 200	69,4
Capital humano							
Médicos por cada cen mil habitantes	*Médicos por cada cen mil habitantes*	2021	463,7	44 / 194	561,0	21 / 194	397,3
Poboación 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	*% poboación 25-34 anos*	2024	80,4	153/ 193	84,4	127 / 193	86,0
Mulleres de 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	*% poboación 25-34 anos con educación secundaria e terciaria*	2023	51,8	31 / 198	52,3	27 / 198	50,1
Taxa de emprego	*% poboación 15-64 anos*	2024	66,3	152 / 201	72,1	90 / 201	70,8
Taxa emprego mulleres	*% pob. feminina 15-64 anos*	2024	63,5	135 / 194	69,0	85 / 194	66,2
Taxa de desemprego xuvenil (15-24 anos)	*% poboación activa 15-24 anos*	2024	25,7	32 / 162	18,6	63 / 162	14,9
Taxa de emprego poboación 55-64 anos	*% poboación 55-64 anos*	2024	59,0	138 / 194	64,1	95 / 194	65,2
Capital social e institucional							
Participación en eleccións xerais	*% votantes rexistrados que votan*	2019	66,6	116 / 188	56,5	163 / 188	71,4

(consulta 11-06-2025)

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.19.B

habitantes e o norte de Portugal con 561, o que as sitúa no posto 44 e 21, respectivamente.

No ámbito do emprego cómpre mencionar que a rexión portuguesa presenta taxas de ocupación e desemprego mellores que en Galicia, situándose as taxas de ocupación da poboación de 15 a 64 anos no norte de Portugal por riba da media europea. Como se aprecia no devandito **cadro 1.1.19.b.**, as taxas de ocupación no norte de Portugal ascenden ata o 72,1% fronte ao 66,3% en Galicia (postos 90 e 152 das 201 rexións europeas analizadas), situándose no 70,8% a media europea. No que atinxe ao emprego feminino, o 69% das mulleres de 15-64 anos está ocupadas no norte de Portugal fronte ao 63,5% na Comunidade Autónoma (66,6% no conxunto das 194 rexións analizadas). En relación ao resto das rexións analizadas, a ocupación feminina galega sitúase como a 135 taxa máis elevada, e a rexión portuguesa ocupa o posto 85 de 194 rexións europeas consideradas.

No que ao coñecemento se refire, o gasto total en I+D en relación ao PIB e o peso relativo do gasto empresarial sitúase na Eurorrexión por baixo do conxunto da UE, presentando en ambos os dous parámetros a rexión norte de Portugal unha mellor posición relativa. Dunha banda, o esforzo investidor acada na rexión norte de Portugal o 2% fronte ao 1,2% en Galicia, porcentaxe que se sitúa lonxe do 2,2% na Unión Europea. Comparado co resto das 196 rexións europeas analizadas, Galicia sitúase no posto 113 fronte ao 55 no caso portugués. Doutra banda, o gasto empresarial en actividades de I+D representa en Galicia o 51,1% do gasto total, quince puntos e medio menos que na UE, o que a sitúa como a rexión 109 de 171 analizadas con maior porcentaxe, acadando o 64,3% no norte de Portugal (posto 73).

Indicadores de competitividade: Resultados de benestar

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Vida material							
Renda dispoñible per capita	*PPA - euros*	2022	17.300	106 / 195	14.600	152 / 195	19.400
Persoas en risco pobreza ou exclusión social (AROPE)	*% poboación total*	2023	25,5	144 / 196	22,0	117 / 196	21,3
Emprego							
Taxa desemprego (15-74 anos)	*% sobre poboación activa 15-74 anos*	2024	9,4	159 / 192	6,6	114 / 192	5,9
Taxa desemprego feminino (15-74 anos)	*% sobre poboación activa feminina 15-74 anos*	2024	10,0	147 / 183	7,3	119 / 183	6,2
Aprendizaxe							
Poboación 25-64 anos que participa formación continua	*% poboacion 25-64 anos*	2024	15,6	65 / 200	14,6	75 / 200	13,3
Poboación 25-64 anos con educación secundaria alta ou terciaria	*% poboacion 25-64 anos*	2024	65,6	170 / 194	56,4	185 / 194	80,4
Saúde							
Esperanza de vida ao nacer	*anos*	2023	83,6	30 / 195	83,2	41 / 195	81,4
Medioambiente							
Contaminación do aire en PM2.5	*nivel medio µg/m3 experimentrado pola poboación*	2019	8,8	34 / 201	6,9	17 / 201	11,8

(consulta 11-06-2025)

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, *Panel de indicadores de competitividad*

1.1.19.c

Asemade, no que ás patentes se refire, tanto no caso do número de patentes por millón de habitantes como patentes por investigador en actividades de I+D no sector privado, a Eurorrexión está moi lonxe da media europea. En concreto, Galicia conta con 14,8 patentes por millón de habitantes (posto 116 de 190 rexións consideradas) fronte ás 24,9 do norte de Portugal (posto 100) cando en Europa este indicador supera as cen patentes por millón de habitantes (100,1 patentes). Doutra banda, no caso das patentes no eido empresarial, o promedio trienal de patentes por investigador I+D en Galicia é de 13,8 fronte ás 10,3 da rexión portuguesa e as 42,3 patentes na UE (postos 112 e 129 de 195 rexións europeas).

Por último, cómpre facer referencia á dimensión de resultados de benestar, xa que a competitividade dun territorio se reflicte neses resultados que é capaz de xerar. O **cadro 1.1.19.c.** recolle os cinco ámbitos nos que se divide esta dimensión: vida material, emprego, aprendizaxe, saúde e medioambiente. Como se mencionou anteriormente, Galicia presenta unha taxa de desemprego moito máis elevada que a rexión norte de Portugal e a media europea. Doutra banda, cómpre mencionar que Galicia é a trixésima rexión con maior esperanza de vida ao nacer (83,6 anos), presentando a UE unha esperanza de vida de 81,4 anos e o norte de Portugal, 83,2 anos (posto 41 de 195 rexións analizadas). Asemade, o 15,6% da poboación de 25-64 anos participa en actividades de formación continua (posto 65 de 200 rexións) fronte aos 13,3% da UE e os 14,6% do norte de Portugal (75). ❑


1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

Ao igual que nas economías do noso entorno, a economía galega presenta unha aceleración no ritmo de crecemento do PIB, estimándose para o conxunto do ano 2024 unha medra interanual do 2,8%. Este crecemento volve a ser inferior ao estimado na economía española (3,2% en 2024), presentando por contra taxas superiores ás rexistradas no conxunto de países da UE-27 e da zona euro. Con todo, tras quince trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia supera no cuarto trimestre do ano en 10,1 puntos o nivel existente no mesmo período de 2019, o que contrasta co acontecido no conxunto de España, que se atopa 7,6 puntos por riba.

O devandito incremento agregado da actividade económica en Galicia caracterízase polo seu equilibrio, con achegas positivas tanto da demanda interna como externa. En concreto, a demanda externa aporta 1,5 puntos e a demanda interna 1,3 puntos. Isto contrasta co acontecido no conxunto do Estado, onde a demanda interna contribúe con 2,8 puntos fronte a tan só 0,4 puntos no caso da demanda externa.

Entre os principais compoñentes da demanda interna o gasto en consumo final e o investimento seguen unha evolución desigual. Así, fronte á ralentización do gasto en consumo final, que medra en 2024 un 1,3% respecto ao ano anterior, por mor da contracción estimada no gasto das familias (-0,3%), o investimento presenta un maior dinamismo a medida que avanza o ano (1,5%). O gasto en consumo das administracións presenta as taxas máis elevadas, cunha medra do 5,6%. No concernente ao sector exterior, as exportacións medran un 3,6% fronte ao 0,9% estimado no caso das compras fóra de Galicia. Dende o punto de vista sectorial, o último ano caracterizouse polo significativo crecemento da construción e da industria manufactureira (4,1% e 3,8%, respectivamente), con incrementos superiores á media española, así como pola contracción, por terceiro ano con-

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-24



(1) PIBpm; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 18-06-2025)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.1.

secutivo, do sector primario (-1%), o que contrasta coa medra do 8,3% en España. O VEB xerado polo sector servizos aumenta un 3,3%.

No concernente á distribución das rendas, o incremento do 5,7% do PIB nominal a prezos correntes tradúcese nunha medra do 5,8% na remuneración dos asalariados (RA) e do 4,8% no caso do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). Como consecuencia desta desigual intensidade de crecemento, a participación dos asalariados na renda ascende no último ano ata o 44%, unha décima superior ao estimado no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB sitúase no 46,9% (47,3% no ano precedente).

O dinamismo da actividade económica non se traslada na mesma intensidade ao mercado de traballo, quen presenta unha ralentización no ritmo de creación de emprego. As contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalente a tempo completo medran un 1,2% en 2024, oito décimas por baixo do estimado no ano anterior, e as horas traballadas un 0,7% (1,3% en 2023). O conxunto de España presenta tamén unha ralentización na creación de emprego, mantendo taxas de crecemento superiores á media galega (2,4% e 1,9%, respectivamente). En termos agregados, a pesar do maior crecemento do PIB, a participación da persoas na ocupación aumenta en menor medida que no ano precedente, reducíndose ao mesmo tempo a taxa de paro e temporalidade con menor intensidade que o estimado en 2023. Asemade, cómpre mencionar que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, e que o mercado laboral no conxunto do Estado presenta un maior dinamismo na creación de emprego.

O conxunto do ano 2024 caracterizouse por

PIB 2019-24: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2024 I	2024 II	2024 III	2024 IV
				(taxas de variación interanual)						
Gasto en consumo final	-1,4	-7,7	6,1	3,3	2,5	1,3	1,9	0,4	1,3	1,5
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,4	-11,6	7,7	5,0	1,6	-0,3	0,2	-1,1	-0,2	-0,2
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,4	3,8	2,2	-1,2	4,9	5,6	6,6	4,6	5,3	6,1
Formación bruta de capital fixo	1	-8,0	8,9	4,4	0,5	1,5	-0,5	0,7	2,2	3,7
Demanda interna (2)	-1,1	-7,7	6,6	3,4	2,1	1,3	1,4	0,5	1,4	1,8
Exportacións de bens e servizos	2	-2,7	3,0	0,8	1,8	3,6	1,8	5,4	4,1	2,9
Importacións de bens e servizos	-2,2	-1,5	-0,3	-1,2	1,7	0,9	-0,2	1,6	1,3	0,9
PIB a prezos de mercado	1,2	-8,4	8,4	4,5	2,2	2,8	2,6	2,6	2,9	2,9
VEB. Ramas agraria e pesqueira	6,3	-12,5	2,9	-5,0	-1,8	-1,0	-4,1	-0,9	-2,1	3,4
VEB. Ramas industriais	-6,9	-13,0	16,7	3,5	2,7	2,5	3,5	2,6	4,0	0,0
VEB. Industria manufactureira	-1,2	-13,0	20,0	6,8	0,8	3,8	2,1	0,4	6,5	6,3
VEB. Construción	1,8	-11,6	-4,8	6,0	1,6	4,1	1,7	4,2	4,5	6,0
VEB. Ramas dos servizos	3,0	-6,0	8,3	5,9	2,7	3,3	3,3	3,3	3,1	3,6
Impostos netos sobre os produtos	0,9	-11,6	8,6	-0,4	0,0	-0,3	-0,9	-1,7	0,3	1,2

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 17-6-2025)
(2) Demanda interna en termos nacionais
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.2.


unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) tanto en Galicia como en España ao presentar no mes de decembro unha medra interanual do 2,7% e 2,8%, respectivamente, porcentaxes inferiores ás rexistrada no ano anterior (3,2% e 3,1%, respectivamente). Ao mesmo tempo, cómpre mencionar que a inflación subxacente mantén a súa tendencia descendente, máis acusada en Galicia que en España, rematando o ano cun 2,4% e 2,6%, respectivamente.

Análise do PIB

A economía galega, ao igual que a meirande parte dos países do noso contorno, presenta no ano 2024 unha aceleración no seu ritmo de crecemento. Este dinamismo non só segue a ser superior ao estimado no conxunto da UE e da zona euro, senón tamén ao estimado nos principais socios comerciais galegos como Francia, Portugal e Italia. Non obstante, España volve a presentar taxas de crecemento do PIB superiores á galega. As Contas económicas trimestrais de Galicia reflicten que a actividade económica medrou un 2,8%, o que supón un diferencial de catro décimas respecto ao conxunto do Estado (3,2%). Segundo as estimacións de Eurostat, este incremento interanual é superior ao estimado para a economía europea (1%) e a zona euro (0,9%), e aos principais socios comerciais, como Portugal (1,9%), Francia (1,2%) ou Italia (0,7%), rexistrando Alemaña unha contracción do 0,2%.

Tras quince trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia no cuarto trimestre do ano é un 10,1% superior ao nivel existente no mesmo período de 2019, porcentaxe que se sitúa no 7,6% no caso da economía española. Asemade, esta recuperación é máis acusada que en CC.AA. como Cataluña, cuxo PIB real supera ao nivel precrise nun 9,3%, ou País Vasco e Navarra, cun 6,4% e 6,3%, respectivamente.

PIB real en Galicia e España 2024. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia, e INE.*

1.2.3.

O incremento da actividade económica en Galicia e España ven motivado tanto por unha achega positiva da demanda externa como da demanda interna, se ben existen importantes diferencias en canto a súa contribución. Mentres que o crecemento agregado do PIB galego caracterízase polo seu equilibrio, cunha achega de 1,5 puntos da demanda externa e 1,3 puntos da interna, na economía española o crecemento do PIB débese basicamente á contribución da demanda interna, cunha achega de 2,8 puntos fronte ás catro décimas no caso do sector exterior. Con todo, o cadro macroeconómico de Galicia amosa que no cuarto trimestre do ano, por mor fundamentalmente do bo comportamento do gasto público e do investimento, a demanda interna presenta unha maior contribución que a externa; en concreto, 1,7 e 1,2 puntos, respectivamente.

No que respecta á demanda interna, o gasto en consumo final e o investimento seguen unha evolución desigual ao longo do ano 2024. Fronte á ralentización do gasto en consumo final por mor da contracción estimada no gasto das familias, o investimento presenta un maior dinamismo a medida que avanza o ano. Dunha banda, o investimento, medido pola formación bruta de capital, presenta unha medra interanual do 1,5%, un punto máis que no ano anterior. Por contra, o consumo final ralentiza o seu crecemento cunha medra do 1,3% (2,1% no ano precedente) a pesar do significativo crecemento do gasto das administracións públicas. O gasto público medra un 5,6% respecto ao ano anterior (4,9% en 2023), o que contrasta coa contracción do 0,3% no consumo privado (medra un 1,6% no ano precedente).

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o maior dinamismo da economía española explícase tanto polo comportamento do gasto en consumo privado, que medra en España un 2,9% respecto ao ano anterior fronte á devandita contracción en Galicia, como en menor medida

Consumo e investimento en Galicia e España 2019-24: principais indicadores

		Galicia			España		
		2019	2023	2024	2019	2023	2024
		(taxas de variación interanual)					
Consumo							
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos correntes)*	1,8	6,5	3,4	2,5	9,4	3,8
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos constantes)*	1,9	0,1	1,8	2,4	2,4	2,2
Produción de bens de consumo		6,0	-3,2	5,7	1,5	-2,0	2,2
Produción de bens de consumo duradeiro		3,6	2,0	-0,4	-1,1	-0,3	-0,7
Produción de bens de consumo non duradeiro		6,2	-3,6	6,2	1,7	-2,1	2,5
Importación de bens de consumo		16,5	-7,4	8,4	5,4	-5,6	4,1
Ocupación hoteleira		37,9	0,7	3,7	13,8	4,9	2,2
Gasto de Administracións Públicas		1,4	4,9	5,6	1,9	5,2	4,1
Investimento							
Produción de bens de equipo *(índice de produción industrial)*		5,4	4,5	0,5	2,5	4,3	-0,2
Importacións de bens de equipo		15,8	24,2	-11,7	3,9	5,5	0,9
Licitación pública							
Total		-11,9	17,2	-23,5	9,7	-2,9	10,3
Administración Xeral do Estado		-10,3	55,4	-43,7	17,4	24,8	-15,5
Administración autonómica		-9,6	11,9	-24,0	43,7	-16,3	11,7
Administracións local		-15,1	-18,9	20,5	-16,3	-12,2	38,3

futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICEX e Seopan

1.2.4.


polo investimento, cunha medra interanual do 1,9%, catro décimas máis que na Comunidade autónoma. Por contra, a taxa de crecemento do gasto en consumo das administracións públicas é inferior á estimada en Galicia, cunha medra interanual do 4,1% no conxunto do Estado.

Entre os principais indicadores de consumo recollidos no **cadro 1.2.4.**, o índice de vendas do comercio polo miúdo (prezos constantes) presenta unha taxa de variación interanual do 1,8%, aumentando a produción de bens de consumo un 5,7% e a ocupación hoteleira un 3,7%. Asemade, fronte ao descenso do valor das importacións de bens de consumo en 2023, no último ano aumentan un 8,4%. Tan só a produción de bens de consumo duradeiro presenta, tanto en Galicia como no conxunto de España, unha caída respecto ao ano anterior, sendo do 0,7% en España fronte ao 0,4% na Comunidade Autónoma.

En relación ao investimento, e en concreto ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha medra interanual do 0,5% no ano 2024, catro puntos menos que no ano anterior, o que contrasta co a caída do 0,2% experimentada na economía española. Xunto a esta desaceleración, a licitación pública total contráese un 23,5% en Galicia impulsada pola caída da licitación por parte da Administración Xeral do Estado e da Autonómica, a diferenza do que acontece en España, cunha medra interanual do 10,3%. Do mesmo xeito, as importacións de bens de equipo contráense un 11,7% en Galicia fronte ao incremento do 0,9% no conxunto do Estado.

No concernente aos compoñentes da demanda externa, cuxa achega ao crecemento agregado do PIB é dun punto porcentual e

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2024: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia, e INE.

1.2.5.

medio, as exportacións medraron segundo o estimado nas contas económicas de Galicia un 3,6% respecto ao ano anterior, fronte ao 0,9% das importacións. No conxunto do Estado a taxa de crecemento das exportacións e das importacións (dato da Contabilidade Nacional Trimestral de España) ascende ata o 3,1% e 2,4%, respectivamente.

En termos monetarios, as vendas fóra de Galicia ascenden no último ano a 43.866 millóns de euros, en tanto que as importacións acadan un valor de 39.901,9 millóns. Deste xeito, a balanza comercial galega aumenta o seu saldo positivo ata os 3.964,1 millóns de euros, un 38,2% superior ao superávit rexistrado no mesmo período do ano anterior (1.096,6 millóns máis).

A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das exportacións declaradas en 2024 ascendeu a 31.020 millóns de euros, o que supón un incremento do 3,3% respecto ao ano anterior. Esta evolución é resultado dunha medra do 3,2% das exportacións á Unión Europea, e dun incremento do 3,4% no caso das vendas ao resto de países. No último ano as vendas ao países comunitarios representan o 71,4% do valor total declarado das exportacións (22.138,5 millóns). Doutra banda, o valor total das importacións/introducións acadou os 20.909,8 millóns de euros, unha cifra semellante a do ano anterior, resultado dunha redución das compras na Unión Europea (-9,5%) en contraposición á medra do 6,2% no caso das compras ao resto de países.

Analizando o comercio internacional en función do tipo de ben, o 56,8% do valor total das vendas galegas ao exterior no devandito pe-

ríodo corresponden a bens de consumo fronte ao 32% dos bens intermedios e un 11,2% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, que representa o 51,2% do valor das exportacións, seguido do 39,4% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España o destino máis importante é o dos bens intermedios, que representan o 60,3% do valor total das compras exteriores en Galicia fronte aos 33,5% das importacións de bens de consumo en Galicia (57,6% e 29,8% en España, respectivamente).

• Agregados da oferta

O ano 2024 caracterizouse polo significativo crecemento da construción e a industria manufactureira, con incrementos superiores á media española, así como pola contracción, por terceiro ano consecutivo, do sector primario, o que contrasta co acusado incremento na economía española.


Dunha banda, o sector da construción presenta as taxas de crecemento máis elevadas, cunha medra interanual do 4,1%, dous puntos e medio máis que no ano precedente, situándose esta porcentaxe no 2,1% no conxunto do Estado. Atendendo á súa evolución ao longo do ano cómpre resaltar a medra interanual do 6% estimada no cuarto trimestre fronte ao 2,6% rexistrado en España.

No que á industria manufactureira se refire, tras unha medra superior ao 6% no segundo semestre do ano, o veb xerado polo sector en 2024 medrou un 3,8%, tres décimas máis que en España, o que supón tres puntos máis que o estimado no ano precedente. A pesar deste bo comportamento da actividade manufactureira, o conxunto do sector industrial, incluídas as actividades extractivas e enerxéticas, rexistra un peor comportamento que en España, cunha medra interanual do 2,5%, dúas décimas por baixo do estimado na economía española.

O sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 3,3% en Galicia, catro décimas inferior á rexistrada en España, favorecida polo crecemento interanual rexistrado polo subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 3,6% (3,4% no caso da economía española). Asemade, cómpre mencionar o dinamismo do subsector da administración pública, sanidade e educación, que presenta en Galicia unha medra do 3,6%, estimándose en España un incremento interanual do 3,4%. Por contra, as actividades profesionais, vinculadas directamente á industria manufactureira, presentan na Comunidade autónoma un menor dinamismo que na economía española; en concreto, un 2,8% e 4,2%, respectivamente.

Fronte ao crecemento das devanditas ramas de actividade, o sector primario contráese en Galicia un 1% no ano 2024 (-1,8% no ano precedente), o que contrasta co incremento do 8,3% experimentado no conxunto de España. Con todo, cómpre mencionar que no derradeiro trimestre do ano o veb xerado polo sector en Galicia medra un 1,8%, cando no mesmo período de 2023 reducírase un 5,2%.

Tomando como referencia o ano 2019, o sector servizos e a industria presentan en 2024 un nivel de actividade económica superior á existente antes da crise económica orixinada pola covid. Dunha banda, a actividade do sector terciario en termos reais é un 14,4% superior á estimada no conxunto do ano 2019 fronte ao 10,6% na industria. Este comportamento contrasta co sector da construción, que é un 5,7% inferior; e o sector primario, que é un 16,7% inferior. Atendendo ás ramas de actividade cómpre mencionar que no ámbito dos servizos todas as actividades superan



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.6.

o nivel de 2019, entre as que as actividades de comercio, transporte e hostalería, a pesar da forte contracción estimada en 2020 (–18,7%), superan o nivel de 2019 nun 17,8%, e as actividades profesionais, un 23,9%. Por último, o VEB xerado pola industria manufactureira (contráese un 13% en 2020) atópase un 16,6% por riba do nivel de 2019.

No concernente á estrutura produtiva da economía galega, **gráfico 1.2.6.**, os datos correspondentes ao ano 2024 reflicten o incremento do peso relativo do valor engadido bruto xerado en Galicia polo sector servizos, que concentra o 71,7% do VEB, nove décimas máis que no ano anterior. Entre estas actividades, o comercio, transporte e hostalería, representa o 23,5% do total, cinco décimas máis que no ano anterior; seguido cun 18,3% do total polo administración publica, sanidade e educación (18,2% en 2023). O subsector da industria manufactureira aporta o 12,4% do veb galego, dúas décimas menos que no ano precedente; en tanto que a importancia relativa da construción e o sector primario sitúase no 6,7% e 4,2%, respectivamente, cando en 2023 representaban o 6,6% e 4,4%.

Se se compara a estrutura produtiva da economía galega no ano 2019 coa existente en

2024, o sector servizos e en moita menor medida, a industria considerada no seu conxunto, presentan un nivel de actividade superior ao existente antes da crise orixinada pola pandemia. En concreto, o peso relativo do sector servizos aumenta en dous puntos porcentuais, pasando do 69,7% aos devanditos 71,7% de 2024, en tanto que no sector industrial esta medra é de dúas décimas (17,3% en 2019). Por contra, a importancia relativa do sector da construción e o sector primario presentan un forte descenso (1,1 puntos menos). O devandito **cadro 1.2.6.** amosa a evolución heteroxénea entre as distintas ramas de actividade, destacando a medra de 1,7 puntos rexistrada no caso da actividade comercial, transporte e hostalería fronte á caída de seis décimas no caso da administración pública, sanidade e educación, e de catro décimas no conxunto da industria manufactureira.

• **Distribución da renda**

A devandita evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas trimestrais de Galicia amosan que o incremento do 5,7% do PIB nominal a prezos correntes en 2024 reflíctese nunha medra do 5,8% na remuneración dos asalariados e do 4,8% no EBE/RMB. Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda ascende no último ano ata o 44%, unha décima superior á do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB sitúase no 46,9% (47,3% no ano precedente). Dende o ano 2021 o peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB ao igual que acontecera no período 2015-2018.

Tendo en conta o devandito incremento da masa salarial en Galicia e que o emprego asalariado equivalente a tempo completo medra en 2024 un 1,7% (ascende a 918.727 persoas), a remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo asalariado aumenta un 4%, sendo esta medra do 4,4% no caso dos postos de traballo asalariado. No concernente ás horas traballadas, tras unha medra do 1,4% respecto ao ano anterior, a remuneración por hora traballada asalariada medra un 4,4%.


Mercado de traballo

O devandito dinamismo da actividade económica non se traslada ao mercado de traballo na mesma intensidade. Dunha banda, as contas económicas de Galicia reflicten que en 2024 o número total de postos de traballo equivalente a tempo completo medra un 1,2% respecto ao ano anterior, oito décimas menos que no ano precedente, e o número total de postos de traballo un 0,9% fronte ao 2,1% de 2023. A devandita ralentización tamén se aprecia na análise do número de horas traballadas, que en 2024 medra un 0,7% mentres que no ano anterior o fixera nun 1,3%. O mercado de traballo en España presenta tamén esta ralentización na creación de emprego, mantendo taxas de crecemento superiores ás de Galicia; en concreto, o número de postos de traballo equivalente a tempo completo medra un 2,4% e o de horas traballadas un 1,9% (en 2023 estas taxas situáronse no 3,2% e 2%, respectivamente).

Vinculado ao mercado de traballo cómpre facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao custo laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. Dunha banda, a produtividade aparente obtense como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ben o número de horas traballadas. Doutra banda, o CLUR

Evolución da asignación funcional da renda (1)

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
		(en millóns de euros)		
2008	27.042,4	26.412,0	4.748,8	58.203,2
2013	24.032,8	23.052,5	5.307,4	52.392,6
2019	28.629,3	28.072,3	6.278,9	62.980,5
2020	27.667,8	25.298,9	5.094,5	58.061,2
2021	29.294,7	29.306,1	6.151,0	64.751,7
2022	31.576,7	33.619,4	6.309,2	71.505,3
2023	33.893,9	36.494,2	6.806,5	77.194,6
2024	35.871,1	38.231,2	7.461,4	81.563,6



(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario.

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.


Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.7.

compara a remuneración por asalariado coa produtividade do traballo e dos prezos, e calcúlase dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

No concernente á produtividade aparente do factor traballo, os datos recollidos nas contas trimestrais reflicten que a produtividade aparente real en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo medra un 1,5% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa

Evolución do custo laboral unitario real (CLUR)



Nota: Ano 2024 media dos tres primeiros trimestres
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.8.

medra do 0,3% experimentado no ano precedente. A produtividade aparente medida en termos de hora traballada, medra un 2%, o que supón 1,1 puntos por riba do estimado en 2023. En termos nominais, a produtividade aparente presenta unha medra do 4,4% en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo e do 4,9% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxes inferiores aos rexistrados no ano anterior (5,9% e 6,6%, respectivamente).

Comparado co acontecido no conxunto de España, Galicia segue a presentar unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española. En 2024 este diferencial situábase en torno aos catro puntos tanto se se mide en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo como de horas efectivamente traballadas (4 e 4,2 puntos por baixo, respectivamente). No ano anterior, a produtividade aparente en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo representaba en Galicia o 95,5% do total estatal

e o 95,3% no caso das horas traballadas.

Atendendo á distribución sectorial, o devandito mal comportamento do sector primario nos últimos anos reflíctese nunha caída da produtividade que en 2024 sitúase no 76% da media estatal se se mide en termos de PTETC ou no 73% no caso das horas traballadas, cando no ano 2019 estas porcentaxes eran do 93,7% e 85,9%, respectivamente. Xunto ao problema do sector primario cómpre mencionar o baixo nivel da industria manufactureira en relación á media española; en concreto, as contas económicas trimestrais indican que o PIB por posto de traballo equivalente en Galicia é o 80,2% da media estatal e do 85% se se mide a produtividade en termos de horas traballadas, porcentaxes que se sitúan por riba do valor acadado en 2008 e 2019.

O sector da construción presenta unha produtividade superior á media estatal tanto en termos de postos de traballo equivalente como en termos de horas traballadas. En concreto, un 0,5% e 4,2% superior á media española, respectivamente; mentres que nos servizos a produtividade aparente sitúase lixeiramente por baixo da media española tanto en termos de postos de traballo equivalente (0,5%) como se se mide en termos de horas traballadas (1%).

Finalmente, no que atinxe ao custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado), o **cadro 1.2.8.** reflicte que en 2024 continúa a tendencia descendente do CLUR en Galicia nos últimos anos tanto en termos de postos de traballo como de horas traballadas.

Os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten que no ano 2024 o CLUR por hora traballada e por posto de traballo equivalente a tempo completo redúcese 0,4%, sendo esta a porcentaxe do 0,3% no caso dos postos de traballo. No ano anterior o CLUR presentaba unha caída do 0,9% no caso dos postos de traballo, ascendendo esta redución ao 1,1% no dos postos de traballo equivalente e ao 1,3% no das horas traballadas.

Inflación e prezos


O ano 2024 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC), que remata o ano cunha medra interanual do 2,7%, medio punto por baixo do rexistrado no ano anterior (en 2021 e 2022 a taxa de variación interanual ascendía a 6,7% e 6,4%, respectivamente). No conxunto do Estado o IPC presenta no mes de decembro unha medra interanual do 2,8% (3,1% no ano anterior). Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, os datos publicados por Eurostat reflicten a devandita moderación de prezos, manténdose a inflación en España por riba da estimada no conxunto dos países da zona euro ao igual que no ano anterior. No último ano o IPCH situábase en España no 2,8%, fronte ao 2,4% na zona euro, porcentaxes significativamente inferiores aos de decembro de 2023, co 3,3% e 2,9%, respectivamente.

No concernente á súa distribución provincial, tan só Lugo presenta un incremento do IPC superior ao rexistrado no conxunto de España, cunha medra do 2,9%, experimentando Ourense o IPC máis reducido, cun 2,4% (3% e 3,1% na mesma data do ano precedente). Nas provincias da Coruña e Pontevedra os prezos medran un 2,7%, moi por baixo do rexistrado en 2023, cun 3,4% e 3,2%, respectivamente.

Ao longo do ano 2024 tanto Galicia como España seguen unha evolución similar. Dunha banda, o IPC segue unha tendencia ascendente de febreiro a maio, mes no que se

IPC en Galicia e España 2022-24

(taxas de variación interanual)



Nota: base 2021

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.9.

acada as taxas de crecemento máis elevadas, cunha medra interanual do 4% en Galicia e 3,6% en España. O **gráfico 1.2.9.** amosa a moderación no incremento de prezos de maio a setembro, aumentando posteriormente ata os devanditos 2,7% e 2,8%, respectivamente, situándose o IPC en decembro nos devanditos 3,2% e 3,1%, respectivamente.

Tal como se observa no **cadro 1.2.10.**, a devandita ralentización do IPC ven explicada en parte pola importante desaceleración tanto no crecemento do prezos dos alimentos, que medraban por riba do 7% en decembro de 2023 tanto en Galicia como en España, situándose esta taxa de variación interanual no 1,4% e 1,8% en 2024, respectivamente; así como no

IPC en Galicia e España 2023-24: distribución segundo grupos

	2024		2023	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxa de variación interanual mes de decembro)			
Xeral	**2,7**	**2,8**	**3,2**	**3,1**
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,4	1,8	7,2	7,3
Bebidas alcohólicas e tabaco	4,6	5,0	2,6	3,4
Vestido e calzado	0,5	0,5	1,2	1,6
Vivenda	7,2	7,4	-6,5	-5,9
Enxoval	1,2	0,6	2,6	2,0
Sanidade	2,3	1,9	1,8	2,2
Transporte	1,1	0,6	4,4	3,9
Comunicacións	0,1	0,1	3,1	3,1
Ocio e cultura	3,0	3,2	2,6	3,1
Ensino	2,7	2,5	2,8	3,0
Hoteis, cafés e restaurantes	4,3	4,1	6,2	5,5
Outros bens e servizos	3,3	3,4	3,9	3,8

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.10.

transporte e enxoval. No caso do transporte os prezos medran en Galicia un 1,1% (0,6% en España), 3,3 puntos menos que na mesma data do ano precedente; e o enxoval medra un 1,2% (0,6% no conxunto do Estado), 1,4 puntos menos que no ano anterior. Por contra, os prezos dos bens incluídos no grupo "vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" medran por riba do 7% cando en decembro de 2023 descenderan un 6,5% na Comunidade Autónoma e un 5,9% en España.

Atendendo á súa distribución segundo rúbricas, en Galicia os maiores incrementos interanuais están vinculados coa vivenda e alimentación. Dunha banda, a rúbrica da "calefacción, iluminación e distribución de auga", presenta unha medra do 12,5% respecto ao ano anterior, fronte ao descenso experimentado en 2023 (-15,9%). Doutra banda, o pescado fresco e conxelado e a carne de bobino presentan unha medra do 11% e 9,4%, situándose no 7,5% no caso da carne de vacún. No extremo oposto, os descensos máis acusados rexístranse no caso do sucre, cun descenso do 19,2% e dos aceites e graxas, cun 10,4%, cando no ano precedente medradon un 9% e un 35,6%, respectivamente.

No concernente á inflación subxacente, aquela que non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos, tanto Galicia como España presentan unha tendencia descendente ao longo de todo o ano, lixeiramente máis acusada na Comunidade autónoma, rematando o ano cun incremento do 2,4% e 2,6%, respectivamente. Como se aprecia no devandito **gráfico 1.2.9.**, e a diferenza do acontecido ao longo de todo o ano 2023, a inflación subxacente mantense en 2024 por riba do índice xeral de prezos entre os meses de xaneiro a marzo e de agosto a novembro.

Os datos das contas económicas trimestrais reflicten que o deflactor do PIB, que permitiría analizar a inflación que responde ao incremento dos prezos de bens e servizos producidos en Galicia, presenta un incremento interanual do 2,8% en 2024, case tres puntos menos que o estimado no ano precedente (5,6%). Atendendo á súa evolución ao longo

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2024 (1): distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía	Industria sen enerxía
	(taxas de variación interanual)							
Andalucía	-2,0	-15,9	3,5	-16,9	1,5	0,9	5,3	-8,0
Aragón	2,8	1,7	-1,8	2,6	2,3	-0,5	11,1	0,8
Asturias	17,7	0,2	1,1	0,1	0,7	-2,8	32,8	-1,4
Baleares	18,0	3,8	1,8	4,2	4,3	0,1	25,9	3,0
Canarias	20,4	1,1	2,0	1,1	-0,6	1,6	29,2	1,0
Cantabria	3,1	8,9	-2,3	9,3	3,7	-0,8	2,9	3,1
Castela e León	1,9	3,7	1,5	3,8	-1,7	-1,3	9,5	0,5
Castela-A Mancha	1,2	1,8	0,4	1,8	-0,9	-0,2	1,9	0,9
Cataluña	1,6	1,7	0,1	1,7	2,8	-0,3	3,3	1,1
C. Valenciana	1,0	3,2	0,9	3,4	0,9	-0,9	1,5	0,9
Estremadura	-0,4	-1,3	2,3	-1,4	2,6	-3,2	4,6	-1,8
Galicia	**2,5**	**0,6**	**0,2**	**0,6**	**-0,5**	**-0,9**	**9,1**	**-0,2**
Madrid	4,1	0,3	1,1	0,2	0,8	1,6	6,4	0,8
Murcia	-1,0	-0,5	0,1	-0,6	0,5	-1,5	-1,3	-0,8
Navarra	5,0	2,3	-1,9	2,5	3,4	-2,1	23,4	1,2
País Vasco	0,8	-0,3	-0,3	-0,3	3,0	0,4	0,4	0,9
A Rioxa	8,1	3,7	2,1	3,8	0,4	1,8	26,1	2,8
Total	**2,3**	**-0,8**	**0,5**	**-0,9**	**1,7**	**-0,4**	**7,5**	**-0,2**

(1) datos no mes de decembro. Base 2021.
Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.11.

do ano, cómpre resaltar que o incremento máis elevado prodúcese no derradeiro trimestre do ano, cun 3,1%, e o máis reducido no terceiro trimestre, cun incremento interanual do 2,5%.

Finalmente, en relación á evolución dos prezos industriais, **cadro 1.2.11.**, tras o descenso do 5,9% experimentado en 2023 (medrara un 13% en 2022), o índice xeral de prezos industriais (IPRI) medra en Galicia no 2,5% respecto ao ano anterior, dúas décimas por riba do rexistrado no conxunto do Estado. Atendendo á súa desagregación segundo destino económico, fronte ao incremento do 9,1% no caso dos bens enerxéticos (7,5% en España), os prezos industriais sen considerar a enerxía redúcense un 0,2%. O prezo dos bens intermedios descende un 0,9% e os bens de equipo un 0,5%. Fronte a este descenso, o prezos dos bens de consumo presentan un incremento do 0,6% respecto á mesma data do ano precedente.

Marco orzamentario

Os orzamentos públicos determinan o peso do sector público na economía e un dos indicadores para analizar este peso é o cociente entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). Os datos dos orzamentos de 2024 e o avance do PIB proporcionados polas contas económicas amosan que dito rateo presenta un valor agregado do 17% para o conxunto das CC.AA. españolas, e que Galicia se sitúa por riba do promedio sinalado cun 18,6%. En termos per cápita, Galicia sitúase por baixo do dato promedio estatal (17,9% e 18,3%, respectivamente).

Orzamentos da C.A. 2024-25: conta financeira homoxeneizada (1)

	2025		2024		25/24	
	(en miles de €)	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*
Operacións correntes						
Ingresos	12.742.627	81,0	12.349.596	81,4	393.031	3,2
Impostos directos	4.072.768	25,9	3.621.911	23,9	450.857	12,4
Impostos indirectos	3.931.866	25,0	3.959.235	26,1	-27.369	-0,7
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	190.031	1,2	176.403	1,2	13.628	7,7
Transferencias correntes	4.511.795	28,7	4.565.152	30,1	-53.357	-1,2
Ingresos patrimoniais	36.167	0,2	26.895	0,2	9.272	34,5
Gastos	10.959.448	69,6	10.443.887	68,9	515.561	4,9
Gastos de persoal	5.147.121	32,7	4.898.865	32,3	248.256	5,1
Gastos correntes de bens e servizos	2.320.587	14,7	2.243.532	14,8	77.055	3,4
Gastos financeiros	214.277	1,4	199.822	1,3	14.455	7,2
Transferencias correntes	3.277.464	20,8	3.101.668	20,4	175.796	5,7
Aforro bruto	1.783.179		1.905.709		-122.530	-6,4
Operacións da capital						
Ingresos	1.282.030	8,1	1.329.017	8,8	-46.987	-3,5
Alleamento de investimentos reais	7.306	0,0	9.056	0,1	-1.750	-19,3
Transferencias de capital	1.274.724	8,1	1.319.961	8,7	-45.237	-3,4
Gastos	2.977.613	18,9	2.843.016	18,7	134.597	4,7
Investimentos reais	1.684.114	10,7	1.601.935	10,6	82.179	5,1
Transferencias de capital	1.293.500	8,2	1.241.080	8,2	52.420	4,2
Formación de capital	1.695.583	10,8	1.513.999	10,0	181.584	12,0
Fondo de continxencia	16.839	0,1	312.912	2,1	-296.073	-94,6
Necesidade de Financiamento	70.757		78.798		-8.041	-10,2
Operacións financeiras						
Atencións	1.786.640	11,4	1.568.390	10,3	218.250	13,9
Activos financeiros	231.988	1,5	239.667	1,6	-7.679	-3,2
Pasivos financeiros	1.554.652	9,9	1.328.723	8,8	225.929	17,0
Recursos	1.715.883	10,9	1.489.591	9,8	226.292	15,2
Activos financeiros	100.547	0,6	100.442	0,7	105	0,1
Endebedamento bruto	1.615.336	10,3	1.389.149	9,2	226.187	16,3
Necesidade de Financiamento	70.757	0,4	78.798	0,5	-8.041	-10,2
Orzamento consolidado	**15.740.540**		**15.168.206**		**572.334**	**3,8**

(1) Orzamentos 2025

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

1.2.12.

No devandito contexto macroeconómico analizado no capítulo 1.1., caracterizado pola súa complexidade e incerteza, a Lei 4/2024, do 27 de decembro, aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. Previamente, no mes de xullo, e unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o devandito exercicio, que ascende a 13.954 millóns de euros, un 5,3% máis que no exercicio anterior.

Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia 2008-2025

	2008	2013	2019	2024	2025
			(% sobre gastos)		
Gastos de persoal	17,7	19,9	18,2	17,4	17,2
Gastos en bens correntes e servizos	4,2	5,3	4,8	4,9	4,7
Gastos financeiros	1,3	3,3	1,5	1,3	1,4
Transferencias correntes	49,2	47,0	46,2	47,0	46,6
Operacións correntes	72,5	75,6	70,6	70,5	69,8
Investimentos reais	9,8	2,8	3,1	4,2	4,2
Transferencias de capital	12,5	11,7	12,0	15,2	15,0
Operacións de capital	22,3	14,4	15,1	19,4	19,2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.13.

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio. Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información precisa sobre o alcance e composición dos orzamentos. Para o exercicio 2025 o orzamento total consolidado da Comunidade Autónoma ascende a 15.740,5 millóns de euros, o que supón unha medra do 3,8% respecto ao exercicio precedente.

A conta financeira dos orzamentos, **cadro 1.2.12.**, reflicte que o aforro por operacións correntes redúcese ata os 1.783,2 millóns de euros (-6,2%), motivado por unha medra dos gastos correntes superior á dos ingresos (4,9% e 3,2%, respectivamente). Os ingresos por operacións de capital reducen a súa contía un 3,5% para situarse nos 1.282 millóns, unha caída motivada principalmente polos axustes no sistema de financiamento autonómico no ano 2024. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.977,6 millóns de euros, incrementándose nun 4,7% respecto aos orzamentos do exercicio precedente. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.695,6 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha capacidade de financiamento de 70,8 millóns de euros, reducíndose en oito millóns respecto ao ano anterior.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 60,9 millóns de euros. Este endebedamento neto financia unha parte dos activos financeiros, que alcanza os 131,4 millóns de euros.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia para o exercicio 2025 destinan o 69,6% dos recursos a gasto de operacións correntes, entre os que os gasto de persoal concentran o 47% destes gastos (5.147,1 millóns de euros), e as transferencias correntes un 29,9% (3.277,5 millóns).

A distribución funcional do gasto (**cadro**

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2024-25: Distribución Funcional (1)

Funcións	2025		2024		25/24
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
1 Actuacións de carácter xeral	**376.411**	**2,4**	**365.110**	**2,4**	**3,1**
11 Alta dirección da Com. Autónoma	49.645	0,3	45.666	0,3	8,7
12 Administración Xeral	97.222	0,6	93.070	0,6	4,5
13 Xustiza	192.888	1,2	181.084	1,2	6,5
14 Administración local	22.692	0,1	20.099	0,1	12,9
15 Normalización lingüística	11.964	0,1	11.049	0,1	8,3
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	2.000	0,0	14.142	0,1	-85,9
2 Protección civil e seguranza cidadá	**40.277**	**0,3**	**29.525**	**0,2**	**36,4**
21 Protección civil e seguridade	40.277	0,3	29.525	0,2	36,4
3 Protección e promoción social	**1.862.239**	**11,8**	**1.756.037**	**11,6**	**6,0**
31 Acción social el promoción social	1.406.142	8,9	1.298.179	8,6	8,3
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	446.233	2,8	448.915	3,0	-0,6
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.864	0,1	8.943	0,1	10,3
4 Produción de bens públicos de carácter social	**8.912.894**	**56,6**	**8.513.944**	**56,1**	**4,7**
41 Sanidade	5.434.958	34,5	5.176.943	34,1	5,0
42 Educación	2.971.672	18,9	2.865.883	18,9	3,7
43 Cultura	110.006	0,7	106.693	0,7	3,1
44 Deportes	39.145	0,2	56.246	0,4	-30,4
45 Vivenda	221.301	1,4	166.715	1,1	32,7
46 Outros servizos comunit. e sociais	135.813	0,9	141.464	0,9	-4,0
5 Produción de bens públ. de carácter económico	**1.324.624**	**8,4**	**1.285.564**	**8,5**	**3,0**
51 Infraestructuras	362.377	2,3	378.817	2,5	-4,3
52 Ordenación do territorio	20.007	0,1	18.449	0,1	8,4
53 Promoción do solo para actividades económicas	11.161	0,1	5.000	0,0	123,2
54 Actuacións ambientais	222.268	1,4	204.222	1,3	8,8
55 Actuacións e valorización do medio rural	207.500	1,3	194.241	1,3	6,8
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	343.736	2,2	327.244	2,2	5,0
57 Sociedade da información e do coñecemento	151.949	1,0	152.168	1,0	-0,1
58 Información estatística básica	5.625	0,0	5.423	0,0	3,7
6 Regulación económica de carácter xeral	**138.671**	**0,9**	**415.739**	**2,7**	**-66,6**
61 Actuacións económicas xerais	33.458	0,2	31.207	0,2	7,2
62 Actividades financeiras	105.214	0,7	384.532	2,5	-72,6
7 Regulación económica de sectores produtivos e dto. empresarial	**1.151.246**	**7,3**	**1.119.532**	**7,4**	**2,8**
71 Dinamización económica do medio rural	440.025	2,8	420.606	2,8	4,6
72 Pesca	143.819	0,9	139.476	0,9	3,1
73 Industria, enerxía e minaría	125.543	0,8	127.933	0,8	-1,9
74 Desenvolvemento empresarial	273.782	1,7	265.567	1,8	3,1
75 Comercio	21.728	0,1	20.878	0,1	4,1
76 Turismo	146.349	0,9	145.072	1,0	0,9
8 Transferencias a entidades locais	**170.688**	**1,1**	**160.520**	**1,1**	**6,3**
81 Transferencias a entidades locais	170.688	1,1	160.520	1,1	6,3
9 Débeda pública	**1.763.490**	**11,2**	**1.522.235**	**10,0**	**15,8**
91 Débeda pública	1.763.490	11,2	1.522.235	10,0	15,8
Total	**15.740.540**	**100**	**15.168.206**	**100**	**3,8**

(1) Orzamentos 2025

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

1.2.14.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2025: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade e protección social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
	25/24			25/24			25/24			25/24			25/24		
	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)
Andalucía	15.088.325,1	7,2	34,3	10.259.222,1	3,9	23,3	3.473.832,8	9,8	7,9	4.296.380,7	3,9	9,8	10.827.292,0	0,5	24,6
Aragón	2.762.272,6	0,0	34,1	1.523.265,0	0,0	18,8	517.678,3	0,0	6,4	1.232.560,6	0,0	15,2	2.059.342,6	0,0	25,4
Asturias	2.457.738,9	5,3	37,3	1.093.294,3	4,9	16,6	665.560,8	8,7	10,1	656.242,4	0,6	9,9	1.724.567,6	4,9	26,1
Baleares	2.477.531,7	6,5	33,8	1.379.558,9	2,8	18,8	294.418,1	2,3	4,0	1.038.060,6	-0,5	14,2	2.131.084,2	-8,2	29,1
Canarias	4.578.994,3	5,3	37,1	2.439.631,8	2,9	19,8	790.718,9	8,5	6,4	755.963,2	-0,4	6,1	3.777.428,3	0,4	30,6
Cantabria	1.213.813,5	5,8	32,3	742.306,0	0,8	19,8	307.594,3	3,3	8,2	461.396,3	10,4	12,3	1.030.551,5	8,7	27,4
Castela e León	4.812.765,0	0,0	35,7	2.688.649,0	0,0	19,9	1.204.387,4	0,0	8,9	1.784.472,3	0,0	13,2	2.990.591,3	0,0	22,2
Castela-A Mancha	3.773.557,4	-2,1	31,8	2.324.289,0	2,6	19,6	954.569,1	-1,9	8,0	2.238.260,0	17,6	18,9	2.568.985,3	-1,7	21,7
Cataluña	11.443.753,9	-1,8	24,9	8.116.462,4	-1,5	17,7	3.334.633,8	-4,3	7,3	11.396.774,6	0,0	24,8	11.669.660,6	-5,9	25,4
Estremadura	2.342.618,7	2,7	31,3	1.453.022,4	6,0	19,4	701.233,5	0,9	9,4	784.770,2	-18,2	10,5	2.197.731,3	-0,1	29,4
Galicia	5.434.957,8	5,2	34,6	2.963.458,6	3,9	18,8	1.398.110,0	8,7	8,9	1.763.489,5	16,7	11,2	4.165.970,8	4,4	26,5
Madrid	10.441.272,5	3,0	33,0	6.527.783,5	4,3	20,7	2.695.054,8	3,4	8,5	3.930.625,2	-1,1	12,4	8.001.564,0	5,2	25,3
Murcia	2.494.960,9	0,0	31,6	1.963.439,3	0,0	24,8	652.146,6	7,0	8,3	1.460.416,2	6,1	18,5	1.332.293,1	-3,1	16,9
Navarra	1.504.267,8	3,1	23,4	1.033.336,9	3,0	16,1	567.672,7	0,9	8,8	459.142,1	-13,8	7,1	2.866.845,4	2,5	44,6
País Vasco	5.143.060,1	4,4	32,7	3.696.666,1	3,7	23,5	1.142.060,6	0,6	7,3	1.024.685,8	19,0	6,5	4.742.131,5	3,3	30,1
A Rioxa	624.700,9	3,9	29,7	417.882,0	3,7	19,9	184.906,2	2,4	8,8	248.782,3	42,2	11,8	627.146,4	3,3	29,8
C. Valenciana	8.502.590,8	0,4	29,1	6.669.442,8	1,9	22,8	2.485.845,0	4,7	8,5	7.124.182,6	-10,1	24,4	4.468.292,9	-9,4	15,3
Total (1)	85.097.181,9	2,7	31,6	55.291.710,2	2,3	20,5	21.370.422,7	3,1	7,9	40.656.204,7	0,0	15,1	67.181.478,8	-0,6	24,9

Consulta: 01-04-2025

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.15.

1.2.14.) mostra como o 56,6% dos recursos orzamentarios destínanse á produción de bens públicos de carácter social, que incrementan a súa dotación en relación ao orzamento do ano anterior nun 4,7%. Aínda que en termos absolutos son os citados bens de carácter social os que rexistran un maior incremento (399 millóns de euros máis), en termos relativos cómpre mencionar o incremento do 15,8% da débeda pública (241,3 millóns de euros máis), que ascende a 1.763,5 millóns de euros, o que representa o 11,2% do orzamento consolidado. Xunto a isto, salienta o incremento do 6% no caso da protección e promoción social (106,2 millóns máis). Os recursos destinados á produción de bens públicos de carácter económico ascenden a 1.324,6 millóns de euros, o 8,4% do orzamento, e os dedicados á regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial aumentan a súa dotación a 1.151,2 millóns, o 7,3 % do total, o que supón unha medra respecto ao exercicio anterior do 3% (39,1 millóns de euros) e 2,8% (31,7 millóns), respectivamente.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Facenda reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos orzamentarios consignados nas funcións de Sanidade, Educación e Seguridade e protección social superiores aos do conxunto das Comunidades Autónomas (**cadro 1.2.15.**). Asemade, fronte ao mantemento da débeda pública no conxunto das CC.AA., o proxecto de orzamentos de Galicia reflicte unha medra do 16,7%.

Os principais indicadores da actividade económico-financeira de Galicia (**cadro 1.2.16.**) rexistran que o aforro bruto previsto ascende a 1.766,3 millóns de euros fronte aos 1.578,1 millóns do exercicio precedente. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2025

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
		(en miles de €)			*(en miles de €)*
Andalucía	968.604,2	-2.880.580,6	-1.911.976,4	-0,9	-249.649,7
Aragón	45.323,7	-469.115,1	-423.791,4	-0,8	-412.240,4
Asturias	301.077,5	-704.008,2	-402.930,7	-1,3	-77.114,0
Baleares	5.308,9	-631.146,4	-625.837,6	-1,3	-635.875,7
Canarias	854.867,9	-1.285.557,1	-430.689,1	-0,7	-52.479,8
Cantabria	387.433,5	-454.680,6	-67.247,1	-0,4	25.083,9
Castela e León	1.594.111,4	-1.144.773,3	449.338,1	0,6	426.661,4
Castela-A Mancha	348.836,3	-467.682,4	-118.846,1	-0,2	-129.846,1
Cataluña	5.280.265,5	-1.514.057,8	3.766.207,7	1,2	2.995.688,0
Estremadura	-267.142,4	-472.384,4	-739.526,8	-2,7	-366.325,4
Galicia	**1.766.339,9**	**-1.695.583,4**	**70.756,5**	**0,1**	**-60.684,4**
Madrid	1.866.814,1	-2.138.166,7	-271.352,6	-0,1	-252.751,6
Murcia	177.532,4	-306.594,3	-129.061,9	-0,3	30.106,4
Navarra	294.473,4	-524.898,4	-230.425,0	-0,8	-71.744,4
País Vasco	974.510,6	-1.688.575,9	-714.065,3	-0,7	-489.601,8
A Rioxa	65.688,4	-229.142,5	-163.454,1	-1,4	-142.281,6
C. Valenciana	1.583.659,2	-1.792.440,7	-208.781,4	-0,1	-262.610,7
Total (1)	**16.247.704,4**	**-18.399.387,8**	**-2.151.683,3**	**-0,1**	**274.334,0**

Consulta: 01-04-2025
Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

saldo negativo de 1.695,6 millóns de euros. A necesidade de financiamento é de 60,7 millóns de euros, fronte aos 68,8 millóns do ano anterior. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e que se fixa como referencia o obxectivo establecido para as CC.AA. no programa de estabilidade, Galicia non recorrerá ao endebedamento como fonte de financiamento. Así, ao igual que no exercicio anterior, non se recorre ao endebedamento como recursos extraordinarios (**cadro 1.2.17.**).

A débeda acumulada en Galicia no ano 2024 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) redúcese un 1,9%, fronte ao incremento do 3,3% rexistrado de media no conxunto das CC.AA., acadando os 11.936 millóns de euros segundo o avance do Banco de España (**cadro 1.2.18.**). En termos relativos, a relación entre o devandito endebedamento e o PIB redúcese ata o 14,5%, fronte ao 15,7% do PIB en 2023, o que supón o sexto nivel de endebedamento máis reducido do Estado, superado novamente por Navarra (10,3%), Canarias (11,4%), País Vasco (16,4%), Madrid (12%), e Asturias (13,5%). O endebedamento por habitante descende tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.411,21 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.934,39 euros por persoa.

Os indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia mostran o incremento dos ingresos tributarios. A recadación presenta en Galicia unha medra do 6,8% respecto ao ano anterior impulsada polo comportamento da imposición directa, que aumenta un 12,4%, o que contrasta coa redución vía impostos indirectos (-3,8%). En termos absolutos, a recadación tributaria do Estado en Galicia ascende a 10.947,4 millóns de euros (693,5 millóns máis que no ano an-

Necesidade de financiamento da C.A. 2025

(en miles de €)

Saldo orzamentario	**70.756,5**
Axustes conforme as normas SEC	**-70.756,5**
Liquidacións negativas do sistema de financiación	84.807,0
Intereses	0,0
Inexecución	-
Recadación incerta	-48.000,0
Obrigas de exercicios anteriores (conta 413/409)	-
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-117.000,0
Aportacións de capital a empresas públicas	-
Transferencias do Estado	
Transferencias da UE	-
Reasignación de operacións	-
Investimentos de APP's	-
Resto de axustes	9.436,5
Capacidade / Necesidade de financiación	**0,0**
% PIB	**0,0**

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2023-24 (1)

	2008			2023			2024		
	débeda acumulada	**débeda / habitante (2)**	**débeda / PIB**	**débeda acumulada**	**débeda / habitante (2)**	**débeda / PIB**	**débeda acumulada**	**débeda / habitante (2)**	**débeda / PIB**
	(en millóns de euros)	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	8.143	1.003,01	5,4	38.649	4.502,42	19,3	40.529	4.695,28	19,1
Aragón	1.517	1.144,54	4,3	9.185	6.847,89	19,7	9.402	6.956,25	19,0
Asturias	770	718,90	3,2	4.243	4.217,30	15,0	4.066	4.027,34	13,5
Baleares	2.696	2.585,21	9,8	8.579	7.090,92	20,4	8.426	6.840,57	18,8
Canarias	1.885	946,31	4,5	6.518	2.945,37	12,0	6.569	2.934,22	11,4
Cantabria	511	885,21	3,9	3.316	5.635,17	19,9	3.234	5.473,46	18,1
Castela e León	2.608	1.026,08	4,6	13.865	5.816,41	19,6	14.239	5.953,55	18,9
Castela - A Mancha	2.584	1.271,76	6,5	16.156	7.752,15	30,0	16.656	7.914,72	29,1
Cataluña	20.825	2.848,39	10,0	85.986	10.881,62	30,5	89.035	11.112,39	29,7
C. Valenciana	13.696	2.779,17	12,7	57.996	11.118,45	41,6	60.332	11.342,13	40,7
Estremadura	904	829,62	5,0	5.322	5.048,08	21,4	5.552	5.264,15	21,0
Galicia	**3.954**	**1.435,33**	**6,8**	**12.170**	**4.508,36**	**15,7**	**11.936**	**4.411,21**	**14,5**
Madrid	11.380	1.827,76	5,7	35.880	5.221,26	12,2	37.260	5.315,82	12,0
Murcia	755	531,85	2,6	12.139	7.823,24	30,1	13.518	8.618,47	31,5
Navarra	868	1.407,47	4,7	2.951	4.389,76	11,8	2.745	4.046,69	10,3
País Vasco	1.007	466,33	1,5	10.661	4.810,39	12,1	10.842	4.866,94	11,6
A Rioxa	393	1.242,92	4,8	1.625	5.041,16	15,3	1.634	5.040,35	14,5

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.


(2) datos da Estadística Contnua de Población, a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.18.

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2021-24. Criterio de caixa

	2024		2023		2022		2021	
	(en miles de euros)	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*
Total	**10.947.448**	**100**	**10.253.941**	**100**	**9.147.309**	**100**	**8.151.077**	**100**
Impostos directos	7.405.584	67,6	6.587.145	64,2	5.828.666	63,7	4.929.788	60,5
IRPF	4.728.597	43,2	4.316.670	42,1	3.924.776	42,9	3.401.657	41,7
Impostos sobre sociedades	2.402.701	21,9	2.069.235	20,2	1.741.997	19,0	1.373.439	16,8
Imposto sobre a renda de non residentes	245.077	2,2	184.909	1,8	152.043	1,7	111.555	1,4
Resto capítulo I	29.209	0,3	16.331	0,2	9.850	0,1	43.137	0,5
Impostos indirectos	3.489.679	31,9	3.618.523	35,3	3.273.830	35,8	3.160.149	38,8
IVE	3.166.434	28,9	3.335.188	32,5	2.986.269	32,6	2.904.221	35,6
Impostos especiais	113.984	1,0	82.381	0,8	82.316	0,9	97.696	1,2
Tráfico exterior	194.301	1,8	188.192	1,8	190.498	2,1	145.612	1,8
Taxas e outros ingresos	52.185	0,5	48.273	0,5	44.813	0,5	61.140	0,8



Fonte: Agencia Tributaria, *Recaudación tributaria*

1.2.19.


terior) o que representa o 3,7% do total estatal.

No que respecta aos impostos directos, o devandito incremento explícase fundamentalmente pola medra da recadación do imposto de sociedades nun 16,1% (333,5 millóns de euros máis), e do IRPF, que medra un 9,5% (411,9 millóns). A recadación pola imposición directa ascende a 7.405,6 millóns de euros, 818,4 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 67,6% da recadación total (**cadro 1.2.19.**), case tres puntos e medio por riba do que representa no ano anterior (64,2%). No último ano o IRPF ascende a 4.728,6 millóns de euros, o que representa o 43,2% da recadación total, e ata os 2.402,7 millóns no caso do imposto de sociedades, o que representa o 21,9% da recadación. En ambos os dous casos estes importes son os máis elevados dende o inicio da crise económica e financeira de 2008.

No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación ascende a 3.489,7 millóns de euros, 128,8 millóns menos que no ano anterior, o que representa o 31,9% da recadación total. Entre estes, o IVE recadou un total de 3.166,4 millóns de euros, un 5,1% menos que no exercicio precedente (168,8 millóns máis), men-

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2023-24

	2023	2024	24/23	
	(miles de euros)		(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impostos directos	3.368.662,9	3.639.492,9	270.830,1	8,0
10 Sobre a renda	3.108.623,6	3.377.526,2	268.902,6	8,7
11 Sobre o capital	259.838,1	261.748,3	1.910,2	0,7
Capítulo II: Impostos indirectos	3.718.317,5	3.988.238,1	269.920,6	7,3
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	318.916,9	362.615,6	43.698,7	13,7
21 Imposto sobre o valor engadido	2.397.963,5	2.713.057,8	315.094,3	13,1
22 Impostos sobre consumos específicos	905.361,5	811.463,4	-93.898,1	-10,4
23 Imposto sobre o xogo	51.034,1	52.576,6	1.542,4	3,0
28 Impostos extinguidos	-	-	-	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	34.268,5	35.805,5	1.537,0	4,5
290 Tributación autonómica sobre o xogo	-	- 59,6	- 59,6	-
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	399,9	410,9	11,0	2,8
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.870,3	13.006,1	1.135,8	9,6
293 Canon eólico	21.998,4	22.448,2	449,8	2,0
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	210.183,3	226.889,1	16.705,9	7,9
30 Taxas administrativas	33.615,5	31.257,0	-2.358,6	-7,0
31 Prezos	33.201,3	30.691,1	-2.510,2	-7,6
32 Outras taxas	-	-	-	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	22.336,3	26.393,8	4.057,5	18,2
35 Ingresos derivados de compensación económicas	5.278,4	6.284,0	1.005,6	19,1
36 Debedores	51.793,7	52.974,6	1.180,9	2,3
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	113,3	113,3	-
38 Reintegros	32.379,6	40.211,3	7.831,7	24,2
39 Outros ingresos	31.578,4	38.964,1	7.385,7	23,4



Fonte: IGE, *Administración pública*

1.2.20.

tres que os impostos especiais aumenta un 38,4%, para situarse nos 114 millóns de euros.

Atendendo á evolución da estrutura da recadación do Estado en Galicia, se se compara a situación do último ano coa existente en 2019, cómpre indicar en primeiro lugar o incremento do peso relativo da imposición directa, que en 2019 representaba o 60,5% do total, máis de sete puntos inferior á do exercicio 2023 (67,6%). Este incremento prodúcese tanto no IRPF como no imposto de sociedades, sendo máis intenso no primeiro caso (4,2 e 2,5 puntos máis respecto ao ano

2019). Por contra, o descenso de sete puntos na imposición indirecta ven explicado fundamentalmente polo IVE, que en 2019 representa o 35,6% da recadación fronte ao 28,9% de 2024.

No que atinxe aos tributos propios da Comunidade Autónoma, **cadro 1.2.20.**, o importe total destes tributos foi de 35,8 millóns de euros, rexistrándose un aumento do 4,5% respecto ao ano anterior (1,5 millóns de euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia recadatoria do canon eólico, que tras unha medra do 2% respecto ao ano precedente, supón o 62,7% dos tributos propios (22,4 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 36,3% do total de recadación (13 millóns de euros).

Proceso de converxencia económica

O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega coa media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria. Entendendo como converxencia económica o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia, unha das variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación.

• Converxencia coa media estatal

O PIB galego a prezos correntes medra no ano 2024 un 5,7% respecto ao ano anterior, medio punto por baixo do experimentado en España (6,2%), ascendendo a 81.563,6 millóns de euros, o que representa o 5,12% do total estatal. Como se aprecia no **cadro 1.2.21.**, este peso relativo é inferior ao que representa a poboación galega no conxunto do Estado (5,57%).


A partir dos datos recollidos nas contas económicas trimestrais do IGE e INE e no Padrón pódese calcular o valor do indicador PIB rexionalizable per cápita, que en 2024 se sitúa en 92,6 puntos (España=100), unha décima menos que no ano anterior. O menor impacto da crise orixinada pola pandemia e a saída da mesma antes que no conxunto do Estado, unido á caída da poboación ou ao seu menor crecemento, fan que este indicador aumente en case dous puntos entre o ano 2019 e 2021 pasando de 89,8% de 2019 ata o 91,7% do último ano. Posteriormente, a converxencia coa media española prodúcese tan só polo comportamento da poboación (converxencia pasiva), situándose este indicador no 92,6%.

• Converxencia coa media europea

Tras a acusada caída do produto interior bruto por habitante en paridade de poder adquisitivo rexistrada en Galicia en 2020 (-10,5%, máis de seis puntos e medio superior á rexistrada no conxunto da Unión Europea), as economías retoman a súa tendencia crecente, presentando o PIB per capita en Galicia en 2023 unha medra interanual do 9,6%, sendo esta porcentaxe do 5,8% no conxunto da UE e do 9,2% en España. Os datos publicados por Eurostat amosan que no último ano o PIB per cápita ascende na Comunidade Autónoma a 31.900 euros, o equivalente ao 83,7% da media da UE-27 (90,6% no conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia sitúase como a oitava C.A. co valor máis elevado, tras Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña, Aragón e Baleares, que superan o nivel da UE-27; así como A Rioxa, que supera o 96%.

Atendendo á súa evolución dende o inicio da

Participación da produción, a poboación e o emprego galego (1) no total español 2008-24



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes; emprego: afiliados á Seguridade Social

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.21.

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2019-23 (1) (2)

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
					(PIB / habitante)					
	2019	2022	2023	23/19	23/22	2019	2022	2023	23/19	23/22
		(media España=100)		*(puntos porcentuais)*		*(media UE-27=100)*			*(puntos porcentuais)*	
Andalucía	74,2	74,8	75,0	0,8	0,2	67,4	65,8	68,0	0,6	2,1
Aragón	109,1	113,3	111,9	2,8	-1,4	99,1	99,4	101,3	2,3	1,9
Asturias	87,2	91,7	90,8	3,6	-0,9	79,1	80,6	82,2	3,0	1,6
Baleares	110,6	107,8	111,0	0,4	3,2	100,3	94,7	100,5	0,2	5,8
Canarias	79,5	76,9	78,6	-0,9	1,8	72,2	67,5	71,1	-1,0	3,6
Cantabria	92,1	92,2	91,9	-0,2	-0,3	83,5	81,1	83,2	-0,3	2,1
Castela e León	93,3	95,2	95,9	2,6	0,7	84,5	83,6	86,9	2,4	3,3
Castela-A Mancha	79,9	83,5	83,2	3,3	-0,3	72,5	73,3	75,3	2,9	2,0
Cataluña	117,6	114,9	114,1	-3,5	-0,9	106,6	101,1	103,4	-3,2	2,3
C. Valenciana	87,3	86,0	85,4	-1,9	-0,6	79,1	75,6	77,4	-1,7	1,9
Estremadura	74,6	76,3	76,2	1,6	-0,1	67,7	66,9	69,0	1,3	2,1
Galicia	**89,8**	**92,1**	**92,5**	**2,7**	**0,4**	**81,3**	**80,8**	**83,7**	**2,4**	**2,9**
Madrid	137,5	136,4	136,3	-1,3	-0,1	124,7	119,7	123,4	-1,3	3,6
Murcia	82,7	84,6	83,6	0,9	-1,1	75,0	74,4	75,6	0,6	1,1
Navarra	120,7	120,9	119,8	-0,9	-1,1	109,5	106,1	108,4	-1,1	2,3
País Vasco	126,2	126,7	127,7	1,5	1,0	114,6	111,4	115,7	1,2	4,4
A Rioxa	105,3	105,3	106,0	0,7	0,7	95,6	92,5	96,1	0,5	3,6
Ceuta	73,5	74,1	73,5	-0,1	-0,6	66,8	65,0	66,7	-0,1	1,7
Melilla	67,9	67,8	66,1	-1,8	-1,7	61,7	59,7	59,8	-1,9	0,1
Total	**100,0**	**100,0**	**100,0**			**90,8**	**87,8**	**90,6**	**-0,3**	**2,8**


(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)

(2) 2022, 2023: provisional

Fonte: INE, *Contabilide Rexional* , e EUROSTAT

1.2.22.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-27 e Galicia fronte a España 2000-23



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)
Fonte: INE, *Contabilidad Regional* , e EUROSTAT

1.2.23.

crise orixinada polo coronavirus en 2019, o maior impacto da crise en España en relación á Unión Europea explica que todas as CC.AA. presenten en 2020 unha diverxencia respecto á media europea. Como se aprecia no **gráfico 1.1.23.**, en 2020 o PIB por habitante en Galicia representaba o 75,7% da media comunitaria, case seis puntos menos que no ano anterior, sendo este descenso superior aos oito puntos no conxunto de España (82,6% en 2020). Entre os anos 2019 e 2023 o PIB per cápita en Galicia aumenta un 24,1%, porcentaxe superior ao estimado na UE e no conxunto de España, cuxo incremento é do 20,6% e 20,2%, respectivamente. Tras esta evolución, o PIB por habitante en Galicia representa en 2023 o 83,7% da media comunitaria fronte ao 81,3% de 2019, o que contrasta co acontecido en España, onde este indicador descende dúas décimas entre os dous anos consideradas (90,8% en 2019 e 90,6% en 2023). ❑

1.3. Evolución demográfica

A poboación residente en Galicia medra no último ano un 0,4% para situarse nas 2.715.424 persoas a 1 de xaneiro de 2025, o que representa o 5,5% da poboación española. Con todo, se se considera un horizonte temporal moito máis amplo, dende o ano 2008 Galicia perde 39.344 habitantes (1,4%), sendo unha das catro Comunidades Autónomas cunha caída da súa poboación xunto a Asturias, Castela e León e Estremadura, o que contrasta coa medra do 7,5% no conxunto de España (3,4 millóns de persoas máis).

A estrutura territorial galega, con moitos núcleos de poboación illados e de escasa densidade, deriva nunha estrutura demográfica na que case catro de cada dez municipios teñen menos de 2.000 habitantes e onde só reside o 5,3% da poboación galega total. Esta distribución territorial está especialmente descompensada na provincia de Ourense, onde o 75,8% dos seus concellos (70 municipios) teñen menos de 2.000 habitantes e neles reside o 25,8% da poboación total da provincia.

Asociado á perda de poboación das zonas rurais interiores, outra constante é o envellecemento da poboación por unha caída da fecundidade ou o aumento da esperanza de vida, entre outros moitos factores sociais e económicos. A un de xaneiro de 2025, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 720.189 persoas, o 26,9% da poboación total, 6,2 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. Esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde case o 44% a poboación ten máis de 65 anos. A pesar de que nos dous últimos anos se racha a tendencia descendente da poboación potencialmente activa, este envellecemento en Galicia é especialmente preocupante xa que repercute de xeito directo na sostibilidade do sistema de Seguridade Social.

No presente capítulo analizarase a estrutura da poboación galega e o movemento natural da poboación, facendo especial referencia ao panorama rural e urbano por mor da importancia do rural galego tanto dende o punto de

Poboación nas CC.AA. 2023-24 (1)

	2024				24/23		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
					(número)	*(número)*	*(número)*
Andalucía	8.663.175	4.259.975	4.403.200	98,9	31.313	10.620	20.693
Aragón	1.352.630	671.142	681.488	28,3	1.039	2.867	-1.828
Asturias	1.014.112	484.164	529.948	95,6	4.513	2.686	1.827
Baleares	1.244.394	620.713	623.681	249,3	12.626	6.803	5.823
Canarias	2.258.219	1.115.160	1.143.059	303,2	19.465	10.123	9.342
Cantabria	593.386	287.489	305.897	111,5	2.535	1.167	1.368
Castela e León	2.397.889	1.179.806	1.218.083	25,4	6.207	2.302	3.905
Castela-A Mancha	2.120.261	1.064.725	1.055.536	26,7	15.828	9.502	6.326
Cataluña	8.119.550	4.005.401	4.114.149	252,8	107.319	61.703	45.616
C. Valenciana	5.414.296	2.665.863	2.748.433	232,8	95.011	50.011	45.000
Estremadura	1.052.998	520.676	532.322	25,3	-1.683	-1.001	-682
Galicia	2.715.424	1.307.492	1.407.932	91,8	9.591	5.748	3.843
A Coruña	1.135.206	544.465	590.741	142,8	6.757	3.941	2.816
Lugo	325.835	158.198	167.637	44,8	787	483	304
Ourense	305.510	146.762	158.748	31,0	1.043	581	462
Pontevedra	948.873	458.067	490.806	211,1	1.004	743	261
Madrid	7.125.583	3.414.344	3.711.239	879,9	116.315	58.181	58.134
Murcia	1.584.801	794.445	790.356	140,1	16.309	8.407	7.902
Navarra	683.525	338.789	344.736	65,8	5.192	2.870	2.322
País Vasco	2.240.113	1.090.778	1.149.335	309,6	12.429	7.290	5.139
A Rioxa	327.115	161.378	165.737	64,8	2.931	1.399	1.532
Ceuta	83.512	42.127	41.385	4.395,4	333	170	163
Melilla	87.001	43.883	43.118	6.692,4	1.016	631	385
Total	**49.077.984**	**24.068.350**	**25.009.634**	**97,0**	**458.289**	**241.479**	**216.810**
Galicia / España *(%)*	5,53	5,43	5,63				

(1) 2024 Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2025, 2023 datos definitivos a 1 de xaneiro de 2024.
Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.1.

vista social como económico ou medioambiental.

Estrutura da poboación

A estatística continua de poboación reflicte que por terceiro ano consecutivo Galicia presenta unha medra da súa poboación residente. A 1 de xaneiro de 2025 Galicia conta con 2.715.424 persoas, o que supón 9.591 persoas máis que na mesma data do ano anterior (0,4%). No conxunto de España a poboación residente medra un 0,9% para situarse nos 49,1 millóns de persoas.

O devandito incremento interanual de poboación en Galicia afecta tanto a mulleres como a homes así como ás catro provincias galegas. Dunha banda, o incremento da poboación no último ano é lixeiramente superior entre os homes; en concreto, a poboación masculina aumenta un 0,4% respecto ao ano anterior (5.748 homes máis) fronte ao 0,3% entre as mulleres (3.843 persoas máis). Doutra banda, neste último ano a provincia da Coruña presenta a mellor evolución tanto en termos absolutos como relativos, cunha medra interanual do 0,5% no caso das mulleres (2.816 máis) e do 0,7% entre os homes (3.941 persoas). A continuación estaría Ourense, cunha medra do 0,3% (462 mulleres máis) e 0,4% (581 homes), respectivamente. No ex-

tremo oposto, o menor incremento, tanto en termos absolutos como relativos, rexístrase na provincia de Pontevedra, cunha medra do 0,1% entre as mulleres (261 persoas máis) e 0,2% entre os homes (743 máis). En Lugo estas taxas de crecemento sitúanse no 0,2% (304 mulleres máis) e 0,3% (483 máis), respectivamente.

Se se amplía o horizonte temporal ata o inicio da crise económica de 2008 Galicia perdeu 39.344 habitantes, o que supón unha redución do 1,4%, o que contrasta co incremento superior a 3,4 millóns de habitantes (7,5%) no conxunto do Estado. En comparación co acontecido no resto de CC.AA., ademais de Galicia tres Comunidades Autónomas perderon poboación no devandito período de tempo: Castela e León, cunha redución do 5,7%; Asturias, cunha caída do 5,3%; e Estremadura, cun 3,4%.

O devandito descenso do 1,7% nos últimos 17 anos prodúcese, tanto entre os homes como nas mulleres, nas provincias do interior, cunha perda en torno ás 27.000 persoas en Ourense e Lugo (-8,2% e -7,6%, respectivamente), o que contrasta coa medra experimentada na provincia de Pontevedra (0,9%; 8.146 persoas) e A Coruña (0,6%; 6.607 persoas máis). Atendendo á evolución segundo sexo, o descenso relativo experimentado entre os homes é lixeiramente máis acusado que entre as mulleres en Ourense e Lugo, reducíndose a poboación feminina un 8,3% e 8,1%, respectivamente, dúas décimas por riba do experimentado entre os homes. Por contra, na provincia de Pontevedra a poboación feminina medra un 1%, tres décimas máis que entre os homes, situándose estas taxas de crecemento do 0,8% e 0,4% na Coruña.

A desagregación dos datos poboacionais necesaria para analizar a evolución demográfica comarcal, por idades, por tamaño dos concellos ou segundo a súa desagregación atendendo ao grao de urbanización entre outros, que se leva a cabo neste capítulo, só permite analizar datos ata xaneiro de 2024. O Padrón municipal de habitantes (IGE) amosa que a perda poboacional dende xaneiro de 2008 rexístrase tanto na Galicia interior como na costa; así como no conxunto de concellos de menos de 10.000 habitantes; o que contrasta co incremento experimentado nos sete grandes concellos galegos considerados no seu conxunto a pesar da forte caída experimentada en Ferrol, así como en Ourense e Vigo (**cadro 1.3.2.**).

Dunha banda, o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofre no período 2008-2024 unha perda continuada de poboación rexistrando a 1 de xaneiro de 2024 unha poboación empadroada de 740.760 persoas, 77.927 habitantes menos que na mesma data de 2008 (9,5% menos). Por outra banda, nese período de tempo a perda de poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa foi tan só do 0,1% (2.889 persoas menos), acadando as 1.962.593 persoas. Con todo, o **gráfico 1.3.3.** amosa que ao igual que acontecera no ano anterior, entre xaneiro de 2023 e 2024 a poboación galega aumenta tanto no interior como na costa; en concreto, na Galicia occidental-costa a medra foi de 6.138 persoas (0,3%) fronte ao 0,1% no caso do interior (1.038 persoas máis). Tendo en conta a devandita evolución, a concentración da poboación na Galicia occidental-costa aumenta ata o 72,6%, dous puntos por riba do estimado en xaneiro de 2008 (70,6%).

A devandita maior concentración da poboación na Galicia costeira apréciase tamén na análise da súa distribución segundo o seu grao de urbanización: territorios rurais (zonas pouco poboadas; ZPP), zonas urbanas e zonas intermedias de poboación. A 1 de xaneiro de 2024, un 36,8% (995.823 habitantes) reside

Evolución da poboación 2008-24 (1): distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2019	2022	2023	2024
Total	**2.784.169**	**2.699.499**	**2.690.464**	**2.696.177**	**2.703.353**
A Coruña	1.139.121	1.119.596	1.119.180	1.123.426	1.128.320
Lugo	355.549	329.587	323.989	323.956	324.842
Ourense	336.099	307.651	304.280	304.550	304.592
Pontevedra	953.400	942.665	943.015	944.245	945.599
Galicia occidental costa	**1.965.482**	**1.950.806**	**1.951.501**	**1.956.455**	**1.962.593**
Galicia interior	**818.687**	**748.693**	**738.963**	**739.722**	**740.760**
Sete grandes cidades	**993.124**	**990.938**	**983.206**	**988.604**	**994.442**
Vigo	295.703	295.364	292.374	293.652	293.977
A Coruña	245.164	245.711	244.700	247.376	249.261
Ourense	107.057	105.233	103.756	104.250	104.891
Lugo	95.416	98.276	97.211	98.214	99.482
Santiago de Compostela	94.339	97.260	98.179	98.687	99.536
Pontevedra	80.749	83.029	82.828	82.535	83.077
Ferrol	74.696	66.065	64.158	63.890	64.218
Concellos segundo tamaño					
< 1.000 hab.	28.027	22.147	26.691	25.500	28.015
1.001 a 5.000 hab.	475.635	388.563	380.541	384.165	383.026
5.001 a 10.000 hab.	399.710	412.544	378.669	383.740	369.243
> 10.000 hab.	1.880.797	1.876.245	1.904.563	1.902.772	1.923.069
Graos de Urbanización					
ZDP	993.124	990.938	983.864	989.949	995.823
ZIP	978.544	994.428	1.000.857	1.002.998	1.007.295
ZPP	812.501	714.133	708.104	706.477	702.715

(1) datos do padrón
(2) comparativa feita en base a 2020; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.
Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.2.

nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), definidas como áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes; un 37,3% (1.007.295 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), definidas como zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26% (702.715 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP), definidas como áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.

A distribución da poboación non é homoxénea entre as provincias galegas. Dunha banda, o 45,3% da poboación de Ourense e o 43,2% de Lugo reside nas ZPP, o que contrasta co 15,4% na provincia de Pontevedra e o 24,7% na Coruña. Nestas dúas últimas provincias a maior concentración de poboación rexístrase nas ZIP, ao acoller o 44,7% e 38,7% da súa poboación (26,2% en Lugo e 20,3% en Ourense). No caso das ZDP, o 39,9% da poboación de Pontevedra está inscrita nestas zonas, case dez puntos máis que na provincia de Lugo (30,6%), descendendo esta porcentaxe ata o 34,4% en Ourense e o 36,6% na Coruña.

O devandito incremento da poboación en Ga-

licia entre xaneiro de 2023 e 2024 explícase por unha medra da poboación tanto nas zonas densamente poboadas (5.874 persoas máis; 0,6%) como nas ZIP (0,4%; 4.297 persoas), reducíndose por contra a poboación inscrita nas ZPP nun 0,5% (3.762 persoas menos), máis do dobre do rexistrado no ano anterior.

As catro provincias galegas presentan unha tendencia similar á galega, aínda que con distinta intensidade. Dunha banda, Lugo presenta o descenso da poboación máis acusado nas ZPP, cunha caída interanual do 0,9% (1.326 persoas menos), e ao mesmo tempo rexistra as taxas de crecemento máis elevadas tanto nas ZDP (1,2%; 1.176 persoas máis) como nas ZIP (1,1%; 931 persoas). Na provincia de Ourense a perda da poboación nas zonas pouco poboadas foi do 0,8% (1.094 persoas menos), fronte ao incremento do 0,7% nas zonas intermedias de poboación (460 persoas) e do 0,5% na cidade de Ourense (538 persoas máis). Doutra banda, A Coruña presenta o descenso de poboación menos acusado nas ZPP, cunha caída do 0,3%, fronte ao 0,4% de Pontevedra (709 e 633 persoas menos, respectivamente); en tanto que a poboación nas ZDP e ZIP de Pontevedra medran tan só un 0,3% e 0,2% respecto á mesma data do ano anterior, respectivamente (0,7% e 0,5% na provincia da Coruña).


Se se amplía o horizonte temporal ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2024, os datos da estatística do padrón continuo de habitantes reflicten que o devandito descenso da poboación galega en case 81.000 persoas (2,9%) ven motivado pola perda poboacional nas ZPP, cunha redución do 13,5% (109.786 persoas menos); o que contrasta coa medra do 2,9% nas ZIP (28.751 persoas máis) e, en moita menor medida, nas ZDP, cunha medra do 0,3% (2.699 persoas máis).

Esta evolución nos distintos graos de urbanización é desigual entre as catro provincias galegas. Dunha banda, cómpre resaltar que o devandito descenso nas ZPP rexístrase de maneira especial en Lugo e Ourense, cunha redución superior ao 18%. En concreto, a poboación residente nas ZPP de Lugo redúcese nun 19%, o que supón 32.819 persoas menos (30.707 persoas menos na provincia de Lugo); e as ZPP de Ourense presentan un descenso do 18%, o que significa 30.139 persoas menos (no conxunto da provincia a perda da poboación ascende a 31.507 persoas). Por contra, o incremento da poboación nas ZIP rexístrase en todas as provincias agás en Lugo, cun descenso do 2,2% (1.954 persoas menos), o que contrasta coa medra do 5,1% nas ZIP na provincia da Coruña entre os dous anos considerados (20.990 persoas) fronte ao 2,9% en Pontevedra (8.413 persoas).

Asemade, no caso das ZDP Lugo e Pontevedra presentan unha ganancia de poboación, cunha medra do 4,3% entre as dúas datas consideradas (4.066 persoas máis) e 0,2% (602 persoas), respectivamente; o que contrasta coa redución do 2% en Ourense (2.166 persoas menos) e 0,3% na Coruña (1.184 persoas menos).

Por último, no concernente á análise a nivel municipal, entre o un de xaneiro de 2023 e 2024 a poboación galega medra en 106 dos 313 concellos galegos, dos que 39 pertencen á provincia da Coruña, 26 a Pontevedra, 24 a Ourense e os 17 concellos restantes a Lugo. Comparando a poboación residente en xaneiro de 2024 coa de 2008, dos 57 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, 24 pertencen á provincia da Coruña e 21 á de Pontevedra, fronte aos seis en Ourense e Lugo. Entre as dúas datas consideradas, os concellos con maior incremento da poboación en termos absolutos son Ames, con 6.994 habitantes máis; Oleiros, con 5.952

Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2015-24



Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.3.

persoas máis; Santiago de Compostela, con 5.197 habitantes máis; e Arteixo, cunha medra de case 5.100 persoas; en tanto que en termos relativos destaca San Cibrao das Viñas, cunha medra do 36,1%, por diante de Miño, cun incremento do 30,4%, e Ames e Barbadás, cun incremento superior ao 25%. No extremo oposto, Ferrol presenta a perda de poboación máis acusada, cun descenso de 10.478 persoas, o que supón unha redución do 14%; sendo a caída de 2.166 persoas en Ourense (2% menos).

Atendendo á súa desagregación segundo tamaño dos municipios, no último ano un total de 23 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 20.000 habitantes (en 56 municipios residen máis de 10.000 persoas), nos que en conxunto estaban empadroadas 1.455.410 persoas, 8.190 máis que na mesma data do ano anterior, o que supón o 53,8% do total da poboación de Galicia, dous puntos e medio superior á porcentaxe rexistrada en 2008 (51,3%). Esta distribución non é homoxénea entre as distintas provincias, tendo en conta que en Ourense e Lugo tan só as capitais teñen máis de 20.000 habitantes, concentrando o 34,4% e 30,6% da súa poboación, respectivamente. Na Coruña, os once concellos que superan esa cifra de poboación concentran o 59,6% da súa poboación, situándose esta porcentaxe no 61,2% en Pontevedra (dez concellos).

No extremo oposto, a poboación inscrita nos 39 concellos menos poboados de Galicia (menos de 1.000 habitantes) descende ata as 28.015 persoas (508 menos que no ano ante-

rior; -1,8%), o que representa o 1% da poboación galega. Na mesma data de 2008 tan só 17 concellos contaban con menos de mil habitantes, acollendo un total de 12.230 persoas, o 0,4% da poboación galega. Deses 39 concellos, un total de 27 corresponden a Ourense, onde a poboación inscrita representa o 6,1% da súa poboación (7,7% en 2008).

Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas inscritas (203 concellos), o 37,1% da poboación de Ourense e o 34,2% no caso de Lugo está empadroada neses concellos (82 e 55 municipios, respectivamente), sendo esta porcentaxe do 15,2% en Galicia e en torno ao 12% no conxunto do Estado. No ano 2008 a poboación residente nestes concellos supuña o 43,4% en Ourense e o 39,7% da poboación e Lugo fronte ao 18,3% no conxunto da Comunidade Autónoma.

Os sete concellos máis importantes en termos de poboación concentran o 36,8% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2024, unha décima máis que no ano anterior, cando na mesma data de 2008 esta porcentaxe ascende a 35,7%. En termos absolutos estes concellos contan con 994.442 habitantes, o que supón 5.838 máis que en 2023 (0,6%). No último as sete grandes cidades presentan unha medra da súa poboación residente, experimentando A Coruña o incremento máis acusado en termos absolutos, con 1.885 habitantes máis (0,8%), sendo Lugo a que presenta a taxa de crecemento máis elevada, cun 1,3% (1.268 residentes máis). Asemade cómpre resaltar o incremento da poboación en Ferrol, rachando así a tendencia descendente dos últimos anos (0,5%; 328 persoas máis). Tras esta evolución o concello máis poboado é Vigo, con 297.977 habitantes, o que supón o 10,9% da poboación galega, acollendo A Coruña o 9,2% (249.261 habitantes).

Atendendo á evolución dende xaneiro de 2008 cómpre resaltar o descenso nun 14% da poboación empadroada no concello de Ferrol, o que supón 10.478 habitantes menos entre os dous anos considerados. Asemade, Ourense presenta unha caída do 2% no devandito período (2.166 empadroados menos), e Vigo, dun 0,6% (1.726 persoas menos). Por contra, os maiores incrementos da poboación empadroada rexístranse en Santiago de Compostela, cunha medra do 5,5% (5.197 persoas máis); Lugo, cun 4,3% (4.066 persoas) e Pontevedra, cun 2,9% (2.328 habitantes). Na cidade da Coruña a poboación residente medra un 1,7% no período sinalado (4.097 persoas máis).

• Composición por idades

O envellecemento da poboación é unha tendencia a longo prazo que se iniciou hai varias décadas en Galicia así como no conxunto de Europa, e que se fai evidente no incremento da proporción de persoas maiores xunto cun descenso na proporción de persoas en idade laboral. Xunto á maior lonxevidade (incremento da esperanza de vida e da idade media) a composición por idades da poboación reflicte ademais un envellecemento do envellecemento, cobrando cada vez maior importancia relativa as persoas de idade moi avanzada.

Os datos do Censo anual de poboación 2021-2024 publicados polo INE reflicten que a 1 de xaneiro de 2024 a idade media en Galicia ascende a 48,4 anos (47,8 no ano 2021). Comparado co resto das CC.AA., Galicia mantense como a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (49,5 anos) e Castela e León (48,5 anos), ascendendo a idade media ata os 44,4 anos no conxunto de España. A idade media das mulleres é superior á dos homes, con 49,9 anos de media en Galicia no caso das mulleres e

Poboación nas CC.AA. 2024(1): distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
			0-14	15-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.663.175	17,65	13,7	36,4	30,7	19,2	2,5
Aragón	1.352.630	2,76	12,7	33,9	30,6	22,8	4,0
Asturias	1.014.112	2,07	9,8	29,0	32,8	28,4	4,7
Baleares	1.244.394	2,54	13,2	39,7	30,1	16,9	2,2
Canarias	2.258.219	4,60	11,1	37,6	33,0	18,3	2,3
Cantabria	593.386	1,21	11,4	31,9	32,2	24,5	3,9
Castela e León	2.397.889	4,89	10,9	30,4	31,4	27,2	5,3
Castela-A Mancha	2.120.261	4,32	13,5	35,7	30,7	20,1	3,4
Cataluña	8.119.550	16,54	13,3	37,4	29,6	19,7	3,0
C. Valenciana	5.414.296	11,03	13,1	35,8	30,7	20,4	2,8
Estremadura	1.052.998	2,15	12,3	33,6	31,2	22,9	3,9
Galicia	**2.715.424**	**5,53**	**10,7**	**30,8**	**31,7**	**26,9**	**4,9**
A Coruña	**1.135.206**	**2,31**	**10,9**	**31,0**	**31,8**	**26,3**	**4,6**
Lugo	**325.835**	**0,66**	**9,8**	**28,9**	**31,0**	**30,3**	**6,5**
Ourense	**305.510**	**0,62**	**9,2**	**28,2**	**30,3**	**32,3**	**7,0**
Pontevedra	**948.873**	**1,93**	**11,1**	**32,0**	**32,2**	**24,8**	**4,1**
Madrid	7.125.583	14,52	13,3	37,9	29,9	18,9	3,0
Murcia	1.584.801	3,23	15,3	38,0	29,7	17,0	2,4
Navarra	683.525	1,39	13,9	35,1	30,1	21,0	3,4
País Vasco	2.240.113	4,56	12,1	32,5	31,1	24,2	4,0
A Rioxa	327.115	0,67	13,0	33,6	30,9	22,5	3,7
Ceuta	83.512	0,17	16,8	41,4	28,0	13,8	1,5
Melilla	87.001	0,18	19,4	41,9	26,0	12,7	1,3
Total	**49.077.984**	**100**	**12,9**	**35,7**	**30,6**	**20,7**	**3,2**

(1) Datos a 1 de xaneiro provisionais

Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.4.

46,8 anos no dos homes (45,6 e 43,1 anos en España, respectivamente).

No último ano tan só catro provincias españolas superan os 50 anos de idade, manténdose Zamora como a provincia con maior idade media, con 51,8 anos, por diante de Ourense e Lugo con 51,3 e 50,5 anos de media, respectivamente; e León, con 50 anos. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 48 anos e 47,1 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal.

Doutra banda, a esperanza de vida aos 65 anos en Galicia no ano 2023 (último ano dispoñible) ascende a 21,9 anos, ano e medio máis que en 2008, o que a sitúa como a quinta C.A. coa esperanza de vida máis elevada tras Madrid (22,8), Castela e León (22,4), Navarra (22,2) e País Vasco (22,1). En todas as CC.AA. as mulleres presentan unha esperanza de vida superior á dos homes, situándose en Galicia en 23,8 anos e 19,7 anos, respectivamente. No conxunto de España ascende a 21,7 anos, situándose en 23,5 anos entre as mulleres e en 19,7 entre os homes.

No último ano considerado a esperanza de vida aos 65 anos ascende en Ourense a 22,1 anos, fronte aos 21,9 anos en Pontevedra e os 21,8 na Coruña. Tan só Lugo presenta en 2023 unha taxa inferior á media española, con 21,6 anos.

O índice de dependencia global, que reflicte a

relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos) aumenta en máis de dez puntos e medio entre xaneiro de 2008 e 2024, acadando no último ano un valor de 60,1 fronte aos 49,4 de 2008. Este índice presenta valores significativamente máis elevados entre as mulleres que entre os homes, acadando en 2024 o 65,1 e 55, respectivamente (54,3 entre as mulleres e 44,5 entre os homes no ano 2008). Doutra banda, o índice de envellecemento, que expresa a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, aumenta de maneira importante no devandito período de tempo, situándose en Galicia en 172,8 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos (135,5 en xaneiro de 2008), ascendendo a 144,5 entre os homes e 202,8 entre as mulleres.

Tal como se observa no **cadro 1.3.4.**, o 26,9% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2025 ten 65 ou máis anos (20,7% no conxunto do Estado), porcentaxe tan só superada por Castela e León, co 27,2%, e Asturias, cun 28,4%. Asemade, o peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 4,9%, o que a sitúa tan só por detrás de Castela e León (5,3%), e moi por encima da media estatal que é do 3,2% (sitúase no 4,7% en Asturias). Por outra banda, tan só o 10,7% da poboación galega ten menos de 14 anos (12,9% en España), porcentaxe só inferior á rexistrada en Asturias, cun 9,8% (un 10,9% en Castela e León).

Ourense e Lugo son as provincias galegas onde unha maior porcentaxe da súa poboación ten idades superiores aos 65 anos. O 32,3% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe tres veces e media superior á dos menores de 15 anos (9,2%). Na provincia de Lugo o 30,3% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 9,8% dos menores de 15. Asemade, o 7% da poboación de Ourense ten 85 ou máis anos e o 6,5% en Lugo. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora, as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos (o 32,7% ten máis de 65 e un 7,3% ten 85 ou máis anos), situándose como a segunda e a quinta provincia con menor porcentaxe de mozos de 15 ou menos anos (8,8% en Zamora).

Atendendo aos grandes grupos de idade, o devandito descenso da poboación galega entre xaneiro de 2008 e 2025 afecta ao conxunto de persoas con menos de 44 anos. En termos relativos o descenso máis acusado en Galicia rexístrase entre a poboación entre 25 e 29 anos, cunha caída en Galicia do 42,1% (85.9631 persoas menos) e entre 30-34, cun 41,6% (93.496 persoas menos), porcentaxes superiores á caída media no Estado que foi do 30% e 27%, respectivamente. Entre a poboación máis nova cómpre resaltar a desigual evolución entre os menores de catro anos, onde por mor da baixa taxa de natalidade, a poboación se reduce nun 30,3% (32.864 persoas menos) e entre aqueles con idades comprendidas entre 10-14 anos, ao presentar un incremento do 10,3% entre as dúas datas consideradas (10.691 persoas). No conxunto de España, a poboación menor de 4 anos no dito período cae un 28,9% o que contrasta co incremento do 18,1% entre aqueles con idades comprendidas entre 10 e 14 e un 16,2% entre aqueles entre 15-19 anos (redúcese un 0,5% en Galicia).

Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas. Dunha banda, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cunha medra do 61%, case seis puntos e medio inferior á do conxunto de España (67,4%); doutra banda, a poboación de 45 a 64 anos aumenta en Galicia

Poboación en Galicia e España 2008 e 2024(1): estrutura segundo grupos de idade




(1) Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2025
Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.5.

un 18,3% e a poboación de 65 a 84 anos, un 14,9%. O **gráfico 1.3.6.** reflicte a pirámide de poboación de Galicia, onde se pode apreciar un engrosamento nos grupos quinquenais a partir dos 45 anos, sendo os grupos quinquenais maioritarios son os de 45-49 e 50-54 anos, que concentran o 8,5% e 8,2% da poboación total, respectivamente.

As disparidades entre provincias tamén se reproducen entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, entre os distintos concellos segundo o seu tamaño, e entre os distintos grados de urbanización considerados. Dunha banda, os datos correspondentes a un de xaneiro de 2024 reflicten que as comarcas da Galicia interior presentan unha poboación máis envellecida. As persoas de 65 ou máis anos representan o 30,6% da súa poboación (25,1% na costa), en tanto que a poboación menor de 15 anos supón o 10,6% no interior e o 12,3% na Galicia occidental-costa.

Entre xaneiro de 2008 e 2024, o descenso da



Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.6.

poboación na Galicia prodúcese tanto na Galicia interior como na costa, entre as persoas menores de16 anos como na poboación activa. Dunha banda, no conxunto de comarcas da Galicia interior a poboación potencialmente activa descende un 14,3% (72.730 persoas menos), fronte ao 6,9% no caso dos menores de 15 anos (5.798 habitantes menos), permanecendo practicamente estable o das persoas maiores de 65 anos (715 persoas máis; 0,3%).

Na Galicia occidental-costa estes descensos prodúcense con maior intensidade, descendendo un 7,9% no caso da poboación potencialmente activa (104.997 habitantes menos) e un 4,7% no entre os menores de 16 anos (11.840 persoas); a diferenza do que acontece coa poboación de 65 ou máis anos, ao aumentar un 30,9% entre as dúas datas consideradas (116.314 persoas empadroadas máis).

Doutra banda, se temos en conta a idade de poboación en función do tamaño do concello no que reside, mentres que no conxunto de Galicia a poboación con máis de 65 anos representa o 26,6% da poboación, nos concellos con menos de 1.000 habitantes esta porcentaxe é do 43,6% da súa poboación, situándose no 36,2% no caso dos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (nos concellos de máis de 10.000 habitantes a poboación de 65 ou máis anos representa o 24,2%). Por contra, a poboación menor de 15 anos representa tan só o 5,8% nos concellos menores de 1.000 habitantes, e sitúase no 8,5% co caso daqueles cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes e 12,7% entre os de máis de 10.000 (11,9% no conxunto de Galicia).

Entre as sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra e Lugo son as cidades que presentan

a maior porcentaxe de persoas menores de 15 anos, cun 13,3%, así como o menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis, cun 22,8% e 23,4%, respectivamente. Por contra, en Ferrol tan só o 10,5% da poboación ten menos de 15 anos en tanto que a poboación que supera os 65 anos achégase ao trinta por cento (29,7%), situándose estas porcentaxes na cidade de Ourense en 12% e 26,8%, respectivamente.

Por último, cómpre facer referencia á distribución da poboación segundo idade e grao de urbanización. O ámbito rural (ZPP) é quen presenta a poboación máis envellecida, cunha idade media de 52,2 anos, case catro anos máis que no conxunto de Galicia (48,4), sendo a idade media das mulleres superior á dos homes (53,8 e 50,7 anos, respectivamente). Nas provincias de Ourense e Lugo, as máis envellecidas das catro, a idade media ascende ata os 55,2 anos no primeiro caso e ata os 54,4 anos en Lugo, destacando que a idade media das mulleres en Ourense é de 57 anos (55,7 anos en Lugo).

Por contra, as ZIP son as que presentan a idade media máis reducida, con 46,7 anos (48 no caso das mulleres e 45,4 no dos homes). Estes valores máis baixos rexístranse en todas as provincias agás en Lugo, onde a idade media ascende a 48,8 anos fronte aos 46,5 anos nas zonas máis urbanas (ZDP). Na provincia de Pontevedra, a menos envellecida, as ZIP presentan unha idade media de 46,4 anos (47,7 anos entre as mulleres) en tanto que na Coruña a idade media ascende ata os 46,5 anos (47,8 anos entre as mulleres).

No que se refire ás ZDP, a idade media ascende ata os 47,3 anos no conxunto de Galicia, situándose en 49 anos no caso das mulleres e en 45,2 anos entre os homes. Lugo e Pontevedra presentan a idade media máis reducida, con 46,5 e 46,8 anos, respectivamente; fronte aos 47,6 anos na Coruña; e 48,2 anos en Ourense.

O índice de envellecemento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, presenta diferenzas significativas entre os distintos graos de urbanización. Os datos correspondentes a un de xaneiro de 2024 reflicten que a ZPP presenta os valores máis elevados, con 270,1 persoas maiores de 65 anos por cada cen menores de vinte anos (172,8 no caso de Galicia). No extremo oposto, nas ZIP o valor do índice sitúase en 139,9, acadando os 154,8 no caso das ZDP. O índice presenta para as mulleres valores superiores aos dos homes nas catro provincias galegas. Cómpre resaltar a situación de Ourense, onde por cada cen mulleres menores de vinte anos hai 281 mulleres maiores de 65, situándose o seu valor en 249,7 no caso de Lugo (204,4 e 191,9 no caso dos homes, respectivamente). No conxunto das ZPP da provincia de Ourense hai un total de 435,9 maiores de 65 anos por cada cen menores de vinte por 380,4 na provincia de Lugo.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A estatística continua de poboación (INE) amosa que a 1 de xaneiro de 2025 residían en Galicia un total de 172.523 persoas con nacionalidade estranxeira (**cadro 1.3.7.**), o que supón un incremento do 11,1% respecto á mesma data do ano anterior, 17.242 persoas estranxeiras máis, sendo esta medra interanual significativamente máis intensa que no conxunto do Estado (5,4%). Deste xeito, o devandito incremento da poboación residente rexistrado en Galicia ven explicado polo aumento da poboación de nacionalidade estranxeira que contrasta coa redución do 0,3% no caso das persoas de nacionalidade española (7.651 residentes menos). Se o horizonte temporal se amplía ata xaneiro de 2008, a poboa-

Poboación estranxeira en Galicia e España 2024 (1)

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)
Galicia	172.523	84.182	88.341	2.715.424	1.307.492	1.407.932	6,4
A Coruña	70.486	34.168	36.318	1.135.206	544.465	590.741	6,2
Lugo	25.748	13.101	12.647	325.835	158.198	167.637	7,9
Ourense	24.112	11.631	12.481	305.510	146.762	158.748	7,9
Pontevedra	52.177	25.282	26.895	948.873	458.067	490.806	5,5
España	6.852.348	3.461.397	3.390.951	49.077.984	24.068.350	25.009.634	14,0
			(%)				
Galicia / España	2,5	2,4	2,6	5,5	5,4	5,6	
A Coruña / Galicia	40,9	40,6	41,1	41,8	41,6	42,0	
Lugo / Galicia	14,9	15,6	14,3	12,0	12,1	11,9	
Ourense / Galicia	14,0	13,8	14,1	11,3	11,2	11,3	
Pontevedra / Galicia	30,2	30,0	30,4	34,9	35,0	34,9	

(1) Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2025

Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.7.

Poboación estranxeira: 2023 (1)

	Total		Nacionalidade española		Nacionalidade non española	
		(%)		(%)		(%)
Lugar de nacemento	2.705.833	100	2.550.552	100	155.281	100
España	2.400.582	88,7	2.394.165	93,9	6.417	4,1
Estranxeiro	305.251	11,3	156.387	6,1	148.864	95,9
Países europeos	80.393	3,0	45.943	1,8	34.450	22,2
UE (27) sen España	51.950	1,9	25.174	1,0	26.776	17,2
Países europeos non UE (27)	28.443	1,1	20.769	0,8	7.674	4,9
África	23.437	0,9	6.395	0,3	17.042	11,0
América	193.069	7,1	102.008	4,0	91.061	58,6
América do Norte	9.187	0,3	6.367	0,2	2.820	1,8
América Central e Caribe	29.637	1,1	18.129	0,7	11.508	7,4
América do Sur	154.245	5,7	77.512	3,0	76.733	49,4
Asia	7.933	0,3	1.794	0,1	6.139	4,0
Oceanía	419	0,0	247	0,0	172	0,1

(1)Datos definitivos a 1 de xaneiro de 2024

Fonte: INE, *Estadística continua de población*

1.3.8.

ción estranxeira medra un 86,5% (80.018 persoas máis) o que contrasta coa redución do 4,5% no caso da poboación de nacionalidade española (119.361 persoas menos).

A poboación estranxeira representa o 6,4% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 14% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia mantense como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (4,4%). En Galicia están inscritos o 2,5% dos estranxeiros residentes no con-

Movementos migratorios con terceiros países 2022-23: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	2023			2022		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	**31.382**	**16.078**	**15.304**	**39.281**	**13.414**	**25.867**
Española	**8.459**	**6.055**	**2.404**	**7.957**	**5.319**	**2.638**
0-14	1.131	555	576	1.199	574	625
15-39	2.876	2.372	504	2.539	2.043	496
40-64	3.121	2.279	842	2.853	1.980	873
≥65	1.331	849	482	1.366	722	644
≥85	130	232	-102	135	194	-59
Estranxeira	**22.923**	**10.023**	**12.900**	**31.324**	**8.095**	**23.229**
0-14	4.686	999	3.687	5.257	751	4.506
15-39	16.386	4.803	11.583	16.527	3.831	12.696
40-64	520	3.496	-2.976	8.184	2.926	5.258
≥65	1.331	725	606	1.356	587	769
≥85	130	78	52	71	34	37

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.9.

xunto do Estado, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,5%.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 70.486 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 52.177, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Con todo, as provincias galegas na que máis relevancia teñen os estranxeiros son Ourense e Lugo, cun 7,9% da súa poboación total (24.112 e 25.748 persoas); situándose este peso relativo no 6,2% na Coruña e no 5,5% en Pontevedra.

O incremento de poboación estranxeira en Galicia volve a rexistrarse nas catro provincias galegas e tanto en homes como en mulleres. En termos absolutos A Coruña presenta en ambos os dous casos os maiores incrementos, cunha medra interanual de 4.816 homes (16,4%) e 3.435 mulleres (10,4% máis); en tanto que Lugo rexistra a taxa de variación interanual máis elevada en Galicia no caso das mulleres, co 13,3% (1.484 mulleres máis), situándose esta taxa no 14,7% entre os homes (1.680 homes máis). Por contra, a provincia de Pontevedra presenta os menores incrementos, cun 8% entre os homes (1.873 persoas máis) e un 5,4% entre as mulleres (1.373 mulleres máis). Por último, estes incrementos situáronse en Ourense no 13,1% e no 11% entre os homes (1.344 persoas) e as mulleres (1.237 persoas máis), respectivamente.

Atendendo á nacionalidade da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.8.**, os datos da estatística continua de poboación reflicten que a un de xaneiro de 2024, último dato definitivo dispoñible, o 49,4% procede de países suramericanos ascendendo esa porcentaxe ata o 17,2% no caso das persoas procedente da UE (agás España), e un 11% de países africanos. Cómpre mencionar que das 154.245 persoas nacidas en América do Sur que residían en Galicia nesa data, 16.702 máis que no ano anterior (12,1%), o 50,3% teñen nacionalidade española, ascendendo esta porcentaxe ata o 73% no caso das persoas nacidas en países europeos que non pertencen á UE-27. No extremo oposto, tan só o 22,6% das persoas nacidas en Asia teñen nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 27,3% no caso do continente africano.

Indicadores demográficos das CC.AA. 2023

	Poboación a 1 de xaneiro 2024	Saldo migratorio 2023		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xaneiro 2023
		exterior	interior		
Andalucía	8.631.862	62.955	-2.570	-13.299	8.584.147
Aragón	1.351.591	14.160	1.257	-5.188	1.341.289
Asturias	1.009.599	9.172	2.814	-8.467	1.006.060
Baleares	1.231.768	18.873	2.489	99	1.209.906
Canarias	2.238.754	29.160	2.438	-5.832	2.213.016
Cantabria	590.851	5.009	552	-3.056	588.387
Castela e León	2.391.682	22.414	1.657	-15.606	2.383.703
Castela-A Mancha	2.104.433	22.863	2.689	-5.372	2.084.086
Cataluña	8.012.231	126.804	-5.171	-13.488	7.901.963
C. Valenciana	5.319.285	102.302	10.827	-11.305	5.216.195
Estremadura	1.054.681	5.735	-889	-4.551	1.054.306
Galicia	**2.705.833**	**23.337**	**2.401**	**-18.778**	**2.699.424**
Madrid	7.009.268	150.469	-16.390	1.653	6.871.903
Murcia	1.568.492	17.822	-2.107	660	1.551.692
Navarra	678.333	7.524	-5	-1.351	672.155
País Vasco	2.227.684	19.975	389	-8.866	2.216.302
A Rioxa	324.184	2.780	354	-1.237	322.282
Ceuta	83.179	368	-362	123	83.052
Melilla	85.985	574	-373	271	85.493
Total	**48.619.695**	**642.296**	**0**	**-115.468**	**48.085.361**

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.10.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en Galicia no ano 2023 (**cadro 1.3.9.**), o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 15.304 persoas, cifra significativamente inferior á rexistrada no ano anterior (25.867 persoas). Nese ano, un total de 16.078 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega, e 31.382 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Atendendo á desagregación segundo nacionalidade, o saldo migratorio positivo ascende a 2.404 no caso das persoas españolas (2.638 no ano anterior) fronte aos 12.900 no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (23.229 en 2022).

A estatística de migracións e cambios de residencia publicadas polo INE reflicte que en 2023, último dato dispoñible, case 72 de cada cen persoas de nacionalidade estranxeira que fixan a súa residencia en Galicia no primeiro semestre teñen entren 15 e 39 anos, así como 48 de cada cen persoas residentes estranxeiros en Galicia que saen cara un terceiro pais, sendo o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 11.583 persoas. Este saldo sería positivo en 504 persoas no caso das persoas de nacionalidade española. Salientar igualmente que o 8,5% dos inmigrantes e o 9,8% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo de 1.088 persoas (482 posúen nacionalidade española e 606 estranxeira).

No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio positivo para Galicia ascende en 2023 ata as 2.401 persoas fronte ás 1.384 no ano anterior. Atendendo a desagregación segundo idades, o saldo é positivo en todas as franxas de idade agás nas persoas de 20-34 anos e entre os maiores de 85 anos, o que contrasta coa situación de 2021, onde

tan só era negativo no caso das persoas de 20-29 anos.

Movemento natural da poboación

No ano 2023, último dato anual dispoñible, persiste o problema do saldo vexetativo negativo, rexistrando Galicia un total de 18.778 defuncións máis que nacementos, o segundo valor máis elevado de toda a serie considerada tan só por detrás da rexistrada no ano precedente (20.501 defuncións). Esta evolución é consecuencia tanto dun descenso do 3,4% no número de nacementos, como dun incremento do 6,3% das defuncións. Segundo os datos publicados polo INE, por cada 1.000 habitantes rexistráronse en Galicia un total de sete defuncións máis que nacementos, fronte aos 2,4 falecementos no conxunto do Estado. Isto sitúa á nosa Comunidade Autónoma como a segunda cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes por detrás de Asturias (8,4 defuncións máis que nacementos), situándose este índice en 6,5 defuncións máis que nacementos en Castela e León.


A estrutura e dinámica poboacional condiciona a existencia dunha reducida taxa bruta de natalidade en Galicia. No ano 2023 na Comunidade Autónoma rexistráronse un total de 5,2 nacementos por cada 1.000 habitantes, o que a sitúa como a terceira Comunidade co índice máis reducido tras Asturias (4,5) e Cantabria (5,1), sendo a media estatal de 6,6 nacementos. O **gráfico 1.3.11.** reflicte a tendencia descendente desta taxa de natalidade, que en 2008 se situaba en 8,4 nacementos por cada mil habitantes (11,3 en España).

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante en función da nacionalidade da nai, así como tamén en función da distribución territorial. Dunha banda, se a nai é española a taxa de natalidade ascende en 2023 ata os 4,8 fillos nacidos por cada 1.000 habitantes en Galicia, e ata os 12,7 fillos por cada 1.000 habitantes se é estranxeira. No conxunto do Estado estas taxas sitúanse en 5,8 e 12,4 nacementos por cada mil habitantes, respectivamente.


Doutra banda, Ourense sitúase como a segunda provincia coa taxa máis reducida, con 4,4 nacementos por cada mil habitantes, tan só por detrás de Zamora, con 4,2 nacementos. Pontevedra situaríase no décimo lugar, con 5,2 nacementos, en tanto que Lugo e A Coruña, con 5,3 nacementos por cada mil habitantes, ocupan a undécima e duodécima posición, respectivamente. Asemade, atendendo á desagregación segundo grao de urbanización, o devandito envellecemento da poboación en xeral en Galicia, e en particular de xeito moi acusado nas Zonas Pouco Poboadas (ZPP), determina as moi reducidas taxas de natalidade neste territorio. En concreto, a taxa de natalidade descende en 2023 ata os 4,4 nacementos por cada mil habitantes, fronte aos 5,6 nacementos nas densamente poboadas e 5,4 nacementos nas zonas intermedias de poboación.

Por contra, no que á taxa bruta de mortalidade se refire, Galicia rexistra no ano 2023 un total de 12,1 falecidos por cada 1.000 habitantes, fronte aos 13 do ano precedente, o que a sitúa como a segunda Comunidade autónoma coa máis elevada tras Asturias (12,9). No conxunto do Estado esta taxa descende ata os nove falecidos por cada mil habitantes. A pesar deste importante descenso, e ao contrario do que acontece coa taxa de natalidade, Galicia presenta unha tendencia crecente entre os anos 2008 e 2023; en concreto, a taxa bruta de mortalidade situábase ao comezo da serie considerada en 10,7 defuncións por cada mil habitantes. Estes datos difiren de xeito moi importante se se consideran as taxas estandarizadas de mortalidade, que per-

Movemento natural da poboación 2008-23 (1)



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



(1) Datos 2023 provisionais, anteriores definitivos

Fonte: INE, *Fenómenos demográficos* e IGE, *Nacementos, matrimonios e defuncións.*

1.3.11.

mite comparacións ao utilizar unha estrutura de idades común coa poboación estándar europea; en concreto, os indicadores de mortalidade publicados polo INE reflicten que en Galicia se rexistran un total de 7,6 falecementos por cada mil habitantes, valor lixeiramente inferior ao estimado no conxunto de España (7,8 defuncións por cada mil habitantes), o que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA., presentando Madrid o valor máis reducido, con 6,5 defuncións, seguido de Castela e León (7,7) e Navarra (7,1 defunción por cada mil habitantes).

As provincias de Lugo e Ourense presentan as taxas brutas de mortalidade máis elevadas, con 15,7 e 15,6 falecementos por cada mil habitante, respectivamente, superando este ano á rexistrada en Zamora, con 15,3 falecementos. Por contra, Pontevedra é a provincia galega coa taxa máis reducida, con 10,5 defuncións por 1.000 habitantes, acadando este indicador os 11,6 na Coruña. Esta heteroxeneidade apréciase na análise entre os distintos graos de urbanización, onde as taxas de mortalidade ascenden en 2023 ata as 16,6 defuncións por cada mil habitantes no ámbito rural (ZPP) fronte ás 10,7 defuncións nas ZDP e ás 10,4 nas ZIP. Cómpre resaltar que nas ZPP de Lugo e Ourense este indicador sitúase lixeiramente por baixo dos 20 falecementos por cada mil habitantes (19,4 en Lugo e 19,9 en Ourense). ❑